



XUNTA  
DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE  
FORMACIÓN PROFESIONAL  
POLITÉCNICO DE SANTIAGO



CENTROS INTEGRADOS  
DE FORMACIÓN  
PROFESIONAL

# PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

do

## C.I.F.P. POLITÉCNICO DE SANTIAGO

**ELABORADO POR:** ESTRATEGIAS DE SEGURIDAD Y PRODUCCIÓN S.L.  
Maio/2.011

REVISIÓN 1: Xuño/2017	FEITA POR: ESeyPro S.L.
REVISIÓN 2: Outubro/2018	FEITA POR: ESeyPro S.L.
REVISIÓN 3: Decembro/2022	FEITA POR: ESeyPro S.L.
REVISION 4: Novembro/2024	FEITA POR: ESeyPro S.L.

**DECLARACIÓN DA PERSOA RESPONSABLE DA ELABORACIÓN DESTE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

O presente Plan de Autoprotección, de 156 páxinas (incluída este e os planos), numeradas en orde correlativa do 1 ao 156, foi elaborado pola empresa ESTRATEGIAS DE SEGURIDAD Y PRODUCCIÓN S.L. (ESeyPro S.L.), con domicilio social en A Coruña, para o CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO, no Concello de Santiago de Compostela (A Coruña). A persoa de ESeyPro S.L. que o elaborou foi D. Manuel Rodríguez Méndez (DNI: 36030080M), Doutor Enxeñeiro Industrial, Licenciado en Ciencias Químicas e Técnico Nivel Superior en Prevención de Riscos Laborais, coas especialidades de Hixiene Industrial, Ergonomía e Factores Psicosociais, e Seguridade.

Asinado: Manuel Rodríguez Méndez

## Contido

DECLARACIÓN DA PERSOA RESPONSABLE DA ELABORACIÓN DESTE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	2
0.1 OBXECTIVO DESTE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	6
0.2 DEFINICIÓNS .....	7
0.3 NORMATIVA DE REFERENCIA .....	9
1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE .....	10
1.1. DIRECCIÓN POSTAL DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE, NOME, TELÉFONO E FAX. ....	11
1.2. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES DA ACTIVIDADE. NOME E/OU RAZÓN SOCIAL, DIRECCIÓN POSTAL, TELÉFONO E FAX .....	11
1.3. NOME DO DIRECTOR/RA DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DO DIRECTOR/RA DO PLAN DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS, EN CASO DE SER DISTINTOS. DIRECCIÓN POSTAL, TELÉFONO E FAX .....	11
1.3.1. RESPONSABILIDADES DA PERSOA QUE OCUPE A DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DA DIRECCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN .....	12
2. DESCRICIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE .....	13
2.1. DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS OBXECTO DO PLAN .....	14
2.2. DESCRICIÓN DO CENTRO OU ESTABLECEMENTO, DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS ONDE SE DESENVOLVEN AS ACTIVIDADES OBXECTO DO PLAN. ....	14
2.2.1. MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN .....	16
2.3. CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE USUARIOS. ....	17
2.4. DESCRICIÓN DO ÁMBITO URBANO, INDUSTRIAL OU NATURAL NO QUE FIGUREN OS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE. ....	17
2.5. DESCRICIÓN DOS ACCESOS. CONDIÇÕES DE ACCESIBILIDADE PARA A AXUDA EXTERNA. ....	18
2.5.1. PLANO DE SITUACIÓN .....	19
2.5.2. PLANOS DESCRITIVOS DE TODAS AS PLANTAS DOS EDIFICIOS, DAS INSTALACIÓNS E DAS ÁREAS ONDE SE REALIZA A ACTIVIDADE. ....	<b>¡Error! Marcador no definido.</b>
3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS .....	20
3.1. DESCRICIÓN E LOCALIZACIÓN DOS ELEMENTOS, INSTALACIÓNS, PROCESOS DE PRODUCCIÓN, ETC., QUE POIDAN DAR ORIXE A UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA OU INCIDIR DE XEITO DESFAVORABLE NO DESENVOLVEMENTO DESTA. ....	21
3.2. IDENTIFICACIÓN, ANÁLISE E AVALIACIÓN DOS RISCOS PROPIOS DA ACTIVIDADE E DOS RISCOS EXTERNOS QUE PUIDESEN AFECTAR (RISCOS CONSIDERADOS NOS PLANOS DE PROTECCIÓN CIVIL E ACTIVIDADES DE RISCO PRÓXIMAS). ....	22
3.2.1. IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS. ....	23
3.2.2. DENSIDADE DE CARGA DE LUME DA INSTALACIÓN .....	24
3.2.3. METODOLOXÍA DE ANÁLISES DE RISCOS .....	31
3.2.4. AVALIACIÓN DOS RISCOS .....	33
3.3. IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS TANTO AFECTAS Á ACTIVIDADE COMO AS ALLEAS A ESTA QUE TEÑAN ACCESO AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVA A ACTIVIDADE .....	35
3.4. PLANOS DE SITUACIÓN POR PLANTAS DE TODOS OS ELEMENTOS E/OU INSTALACIÓNS DE RISCOS, TANTO OS PROPIOS COMA OS DO ÁMBITO. ....	35
4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN .....	36
4.1. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS, HUMANOS E MATERIAIS, DE QUE DISPÓN A ENTIDADE PARA CONTROLAR OS RISCOS DETECTADOS, ENFRONTAR AS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA E FACILITAR A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIA. ....	37

4.1.1	MEDIDAS E MEDIOS HUMANOS .....	37
4.1.2	MEDIDAS E MEDIOS MATERIAIS .....	37
4.2.	AS MEDIDAS E OS MEDIOS, HUMANOS E MATERIAIS, DISPOÑIBLES EN APLICACIÓN DE DISPOSICIÓN ESPECÍFICAS EN MATERIA DE SEGURIDADE.....	39
4.2.1	CÁLCULO DA OCUPACIÓN NAS VÍAS DE EVACUACIÓN .....	40
4.2.2	PUNTO DE ENCONTRO .....	40
4.3.	PLANOS DE SITUACIÓN DOS MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN .....	41
4.4.	PLANOS DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN E ÁREAS DE CONFINAMENTO, REFLECTINDO O NÚMERO DE PERSOAS A EVACUAR OU CONFINAR POR ÁREAS SEGUNDO OS CRITERIOS FIXADOS NA NORMATIVA VIXENTE .....	41
4.4.1	PLANO DO PUNTO DE ENCONTRO.....	42
4.4.2	PLANO DE SITUACIÓN DOS ELEMENTOS DE DETECCIÓN E ALERTA.....	42
4.5	PLANOS DE COMPARTIMENTACIÓN DE ÁREAS OU SECTORES DE RISCO. ....	42
5.	PROGRAMA DE MANTEMENTO DE INSTALACIÓN .....	43
5.1	DESCRIPCIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓN DE RISCO QUE GARANTA O CONTROL DESTAS.....	44
5.2	DESCRIPCIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓN DE PROTECCIÓN QUE GARANTA A SÚA OPERATIVIDADE.....	44
5.3	REALIZACIÓN DAS INSPECCIÓN DE SEGURIDADE DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE. ....	45
5.3.1	INSPECCIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA.....	45
5.3.1.1	INSPECCIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA QUE PODEN SER FEITAS POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DOS FABRICANTES DOS EQUIPOS OU POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DO USUARIO OU TITULAR DA INSTALACIÓN.....	46
5.3.1.2	INSPECCIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA QUE PODEN SER FEITAS POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DOS FABRICANTES DOS EQUIPOS OU POR PERSOAL DE UNHA EMPRESA MANTEDORA CONFORME SE DEFINE ESTA NO REAL DECRETO 513/2017 DO 22 DE MAIO .....	47
5.3.1.3	INSPECCIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA QUE PODEN SER FEITAS POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DOS FABRICANTES DOS EQUIPOS OU POR PERSOAL DE UNHA EMPRESA MANTEDORA CONFORME SE DEFINE ESTA NO REAL DECRETO 513/2017 DO 22 DE MAIO, OU BEN, POR PERSOAL ESPECIALIZADO DO USUARIO OU TITULAR DA INSTALACIÓN.....	47
5.3.2	INSPECCIÓN DE ELEMENTOS QUE INCIDEN NA SEGURIDADE .....	47
5.3.3	TÁBOAS RESUMEN PARE EMPREGAR NOS CONTROIS DE SEGURIDADE .....	48
.	52	
6.	PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.....	53
6.1.	IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS .....	54
6.2.1	ACCIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA NO EDIFICIO PRINCIPAL: .....	56
6.2.2	ACCIÓN ANTE UNHA EMERXENCIA NO EDIFICIO DO PAVILLÓN: .....	59
6.2.3	PROTOCOLO DE CONFINAMIENTO E DE ACTUACIÓN NO CASO DE EXISTIR ALGUNHA PERSOA CON INCAPACIDADE PARA PODER EVACUAR OS EDIFICIOS.....	59
6.3.	IDENTIFICACIÓN E FUNCIÓN DAS PERSOAS E EQUIPOS QUE LEVARÁN A CABO OS PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS .....	60
6.4	IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS.....	64
6.5	PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN .....	65
7.	INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR.....	87
7.1	OS PROTOCOLOS DE NOTIFICACIÓN DA EMERXENCIA.....	88

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

7.2	A COORDINACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E A DIRECCIÓN DO PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL ONDE SE INTEGRE O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. ....	100
7.3	AS FORMAS DE COLABORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE AUTOPROTECCIÓN COS PLANS E AS ACTUACIÓNS DO SISTEMA PÚBLICO DE PROTECCIÓN CIVIL. ....	100
8.	IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	101
8.1	IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA IMPLANTACIÓN DO PLAN .....	102
8.2	PROGRAMA DE FORMACIÓN E CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL CON PARTICIPACIÓN ACTIVA NO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN .....	102
8.3	PROGRAMAS DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN A TODO O PERSOAL SOBRE O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	102
8.4	PROGRAMA DE INFORMACIÓN XERAL PARA OS USUARIOS.....	103
8.5	SINALIZACIÓN E NORMAS PARA OS VISITANTES .....	104
8.6	PROGRAMA DE DOTACIÓN E ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E RECURSOS. ....	104
9.	MANTEMENTO DA EFICACIA E ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.....	107
9.1	PROGRAMA DE RECICLAXE DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN.....	108
9.2	PROGRAMA DE SUBSTITUCIÓN DE MEDIOS E RECURSOS .....	108
9.3	PROGRAMA DE EXERCICIOS E SIMULACROS.....	108
9.3.1	DESEÑO DOS SIMULACROS.....	109
9.3.2	ANÁLISE DO SIMULACRO .....	110
9.3.3	EXERCICIOS .....	110
9.4	PROGRAMA DE REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN DE TODA A DOCUMENTACIÓN QUE FORMA PARTE DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN. ....	110
ANEXO I.	DIRECCIÓN DE COMUNICACIÓN .....	112
1.	TELÉFONO DO PERSOAL DE EMERXENCIAS. ....	113
2.	TELÉFONO DE AXUDA EXTERIOR.....	113
3.	OUTRAS FORMAS DE COMUNICACIÓN.....	113
ANEXO II.	FORMULARIOS PARA A XESTIÓN DAS EMERXENCIAS .....	114
ANEXO III.	PLANOS.....	119
ANEXO IV.	FOLLAS DE SEGURIDADE .....	148

Fdo: Manuel Rodríguez Méndez

## 0.1 OBXECTIVO DESTE PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

O Presente Plan de Autoprotección do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO, foi elaborado co obxectivo de xerar unha organización e unhas pautas de actuación ante unha situación de emerxencia e minimizar as súas consecuencias.

Defínese unha situación de emerxencia como calquera circunstancia ou circunstancias inesperadas e súbitas que teñen ou poidan ter como consecuencia a aparición de situacións de perigo tanto para toda as persoas presentes no centro persoal docente e non docente, alumnos, visitas, o un grupo importante de ditas persoas, coma para a poboación que está ou circula preto do centro, tamén as que poñen en perigo as instalacións e o medio.

Neste Plan de Autoprotección se marcan as pautas para que CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO organice os medios humanos e materiais dispoñibles no Centro para alcanzar unhas condicións de seguridade óptimas no centro de traballo coa finalidade de:

- Protexer as persoas, os bens e minimizar as consecuencias no medio ambiente.
- Informar ás autoridades competentes.
- Alertar ós servizos públicos ou privados de socorro.
- Adestrar ó persoal programando simulacros de emerxencia e outros exercicios.
- Restaurar a normalidade nas instalacións e manter a operatividade das mesmas.

Este Plan de Autoprotección non contempla a situación das instalacións cando outra entidade que non sexa o CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO Y fai uso das instalacións, ou non sexa organizada ou xestionada pola Dirección do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO. O coñecemento deste Plan de Autoprotección permite alcanzar ós seguintes **obxectivos**:

### I. COÑECER

- O edificio e a súas instalacións.
- Os riscos existentes tanto no Centro como no exterior e que pode afectarlle ao CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO.
- Os medios de protección existentes no Centro.
- A vixilancia e aplicación da normativa vixente.

### II. GARANTIR

A fiabilidade de todos os medios de protección existentes no Centro.

### III. DISPOR

Un grupo de persoas organizadas, formadas e adestradas que garanten a eficacia nas accións a emprender para o control das emerxencias.

### IV. INFORMAR

- A todo o persoal do edificio de como deberán actuar ante unha emerxencia e de como deberán evacuar a instalación.

## 0.2 DEFINICIÓNS

Para unha mellor comprensión do presente documento, a continuación defínense algúns conceptos de interese mencionados no documento:

- **Actividade:** Conxunto de operacións ou tarefas que poidan dar orixe a accidentes ou sucesos que xeren situacións de emerxencia.
- **Alarma:** Aviso ou sinal pola que se informa ás persoas para que sigan instrucións específicas ante unha situación de emerxencia.
- **Alerta:** Situación declarada co fin de tomar precaucións específicas debido a probable e próxima posibilidade de que aconteza un suceso ou accidente.
- **Alumeado de emerxencia:** É un dispositivo de sinalización que posúe unha sinal luminosa para indicar as saídas de emerxencia.
- **Bocas de Incendio equipadas (BIE):** É un equipo completo de protección e loita contra incendios, que se instala de xeito fixo sobre a parede e está conectado a rede xeral de abastecemento de auga.
- **Centro, establecemento, espazo, dependencia ou instalación:** A totalidade da zona, baixo control dun titular, onde se desenvolva unha actividade.
- **Conato de emerxencia:** É aquela situación que pode ser controlada e solucionada de xeito sinxelo e rápido polo persoal e medios de protección do local, dependencias ou sector. O conato está ligado directamente ao risco de incendio en xeral.
- **Director do Plan de Actuacións:** É a persoa da organización que ten a máxima autoridade e responsabilidade durante a situación de emerxencia e colaborará coas axudas externas.
- **Emerxencia xeral:** É aquela situación que para o seu control precisa de todos os equipos e medios de protección do establecemento e da axuda de medios de socorro e salvamento externos. Xeralmente comportará evacuacións totais fora do edificio ou parciais a outro sector.
- **Emerxencia parcial:** É aquela situación que para ser dominada require da actuacións de equipos especiais do sector. Non é previsible que afecte a sectores lindantes.
- **Equipo de Evacuación:** É o equipo formado por persoas, encargado do orde da evacuación da instalación, verificando a completa evacuación da súa zona e realizando o recuento do persoal no punto de reunión exterior seguro.
- **Equipo de Intervención:** É o equipo de persoas que ten a misión de actuar ante unha emerxencia, nos primeiros momentos para intentar controlar e mitigar un risco.
- **Evacuación:** Acción de traslado planificado das persoas, afectadas por unha emerxencia, a un lugar seguro.

- **Instalación:** Unha unidade técnica dentro dun establecemento onde se produzan, utilicen, manipulen, transformen ou almacenen, sustancias perigosas. Inclúe todos os equipos, canalizacións, maquinaria, instrumentos, ramais ferroviarios particulares, dársenas, peiraos de carga ou descarga para uso da instalación, espigóns, depósitos ou estruturas semellantes, estean a flote ou non, necesario para o funcionamento da instalación.
- **Intervención:** Consiste na resposta a emerxencia, para combater o seu orixe, protexer e socorrer as persoas, os bens e ao medio ambiente.
- **Xefe de Intervención:** É a persoa que valorará a emerxencia e asumirá a coordinación e dirección do equipo de emerxencia.
- **Medidas de Autoprotección:** En xeral, o conxunto de actuacións que deberán tomar as persoas que se poidan ver afectadas por unha situación de risco ou por unha emerxencia, para garantir a súa seguridade.
- **Medios:** Conxunto de persoas, máquinas, equipos e sistemas que serven para reducir ou eliminar riscos e controlar as emerxencias que se poidan xerar.
- **Ocupación:** Máximo número de persoas que pode conter un edificio, espazo, establecemento, recinto, instalación ou dependencia, en función da actividade ou uso que nel se desenvolva.
- **Perigo:** Probabilidade de que se produza un efecto danoso específico nun período de tempo determinado ou en circunstancias definidas.
- **Plan de Autoprotección:** Marco legislativo e funcional previsto para unha actividade, centro, establecemento, espazo, instalación ou dependencia, co obxecto de previr e controlar os riscos sobre as persoas e os bens e dar resposta axeitada ás posibles situacións de emerxencias, na zona baixo responsabilidade do titular, garantindo a integración destas actuacións no sistema público de protección civil.
- **Percorrido de evacuación:** Percorrido que conduce dende un orixe de evacuación cara a algunha saída na planta, situada na mesma planta considerada ou noutra, ou cara a algunha saída do edificio con obxecto de deixar en situación segura as persoas que fan dito percorrido. **O orixe do percorrido de evacuación** é todo punto ocupable de un edificio, exceptuando o interior das vivendas, así como de todo aquel recinto, ou de varios comunicados entre si, nos que a densidade de ocupación non exceda de 1 persoa/10 m<sup>2</sup> e cuxa superficie total no exceda de 50 m<sup>2</sup>, como poden ser las habitacións de hotel, residencia ou hospital, os despachos de oficinas, etc.
- **Recursos:** Elementos naturais ou técnicos que non teñen como función habitual aquelas asociadas as tarefas de autoprotección e que a súa dispoñibilidade fai posible ou mellora as actuacións de prevención e actuación ante emerxencias.
- **Risco:** A probabilidade de que se desencadee un determinado fenómeno ou suceso que, como consecuencia da súa propia natureza ou intensidade e a vulnerabilidade dos elementos expostos pode producir efectos prexudiciais nas persoas ou perdas de bens.

- **Simulacro:** Actividade que serve para avaliar a capacidade de resposta, os procedementos e a coordinación da organización de autoprotección, ante unha emerxencia.
- **Sistemas de alarma:** Sistema que permite emitir sinais acústicas e/ou visuais aos ocupantes do centro ou establecemento.
- **Sistemas de detección de incendio:** Sistema que permite detectar un incendio no tempo mais curto posible e emitir as sinais de alarma e de localización axeitadas para que poidan adoptarse as medidas correctas.
- **Sustancias perigosas:** As sustancias, mestura ou preparados químicos, que presentan algún risco para a seguridade ou o medioambiente e que estean presentes en forma de materia prima, produtos, subprodutos, residuos ou produtos intermedios, incluídos aqueles dos que se poida pensar xustificadamente que poderían xerarse no caso de accidente.
- **Titular da actividade:** A persoa física ou xurídica que explote ou posúa o centro, establecemento, espazo, dependencia ou instalación onde se desenvolvan actividades.
- **Vulnerabilidade:** Condicións definidas por factores ou procesos físicos, sociais, económicos e ambientais que aumentan a susceptibilidade dunha comunidade ó impacto de ameazas.

### 0.3 NORMATIVA DE REFERENCIA

#### Legislación

- Real Decreto 393/2007, do 23 de Marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección.
- Lei 5/2007, do 7 de Maio, de emerxencias de Galicia.
- Decreto 172/2022, do 6 de Outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Código Técnico da Edificación CTE – Real Decreto 314/2006, do 17 de Marzo.
- Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, sobre instalacións de protección contra incendios.
- Real Decreto 809/2021, do 21 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de equipos a presión e as súas instrucións técnicas complementarias.

#### Normas e outros documentos técnicos

- Norma UNE 23007-14 setembro de 1996. Sistema de Detección e Alarma de Incendios.
- Norma UNE 23032/1983. Seguridade contra incendios. Símbolos gráficos para a súa utilización en planos de emerxencias.
- Norma UNE 23033:1981. Seguridade contra incendios. Sinalización de Seguridade, Vías de Evacuación.
- Norma UNE 23034/1988. Seguridade contra incendios. Sinalización de Seguridade, Vías de Evacuación.

## **1. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES E DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE**

**1.1. DIRECCIÓN POSTAL DA LOCALIZACIÓN DA ACTIVIDADE. DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE, NOME. TELÉFONO E FAX.**

A localización do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO está en:

Avenida Rosalía de Castro, 133  
15706 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A Coruña)

As coordenadas son:

42º 52' 21,91" Norte

8º 33' 17,18" Oeste

Os datos de contacto son:

Teléfono: 881 867601  
Fax: 981 520133  
e-mail: [cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal](mailto:cifp.politecnico.santiago@edu.xunta.gal)

**1.2. IDENTIFICACIÓN DOS TITULARES DA ACTIVIDADE. NOME E/OU RAZÓN SOCIAL, DIRECCIÓN POSTAL, TELÉFONO E FAX**

O titular do centro é a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade, da Xunta de Galicia.

Edificio Administrativo San Caetano, s/n  
15781 - Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 544400 e 981 544376

**1.3 NOME DO DIRECTOR/RA DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DO DIRECTOR/RA DO PLAN DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS, EN CASO DE SER DISTINTOS. DIRECCIÓN POSTAL, TELÉFONO E FAX**

A persoa que ocupe o cargo de Director/ra do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO é a persoa Director/ra do Plan de Autoprotección do Centro e, tamén, é a persoa que dirixe o Plan de Actuación en Emerxencias. Teléfono de contacto: 881 867 601. Na súa ausencia será substituído polas seguintes persoas e no seguinte orde:

- 1º. Subdirector/ra do Centro.
- 2º. O Secretario/a do Centro.
- 3º. O Xefe/a de Estudos
- 4º. Conserxe.

### 1.3.1 RESPONSABILIDADES DA PERSOA QUE OCUPE A DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E DA DIRECCIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN

A Dirección do **Plan de Autoprotección** será responsable única da xestión das actuacións encamiñadas á prevención e control de riscos, ademais da xestión de todos os aspectos relacionados co Plan de Autoprotección, entre outros:

- Inventario, análise e avaliación de riscos
- Inventario das medidas e medios de protección.
- Mantemento das instalacións.
- Plan de actuación ante emerxencias.
- Integración do Plan de Autoprotección noutros de ámbito superior.
- Implantación do Plan de Autoprotección.
- Responsabilizará de manter actualizado o Plan de Autoprotección, facendo as modificacións pertinentes ou indicar facelas e, tamén, indicar cales son as que se deben facer.
- Mantemento da eficacia e actualización do Plan de Autoprotección.
- Mantemento do programa de auditorías e inspeccións.
- Formularios para a xestión de emerxencias.
- Mantemento de planos actualizados ás situacións reais.

A persoa que ocupe a Dirección do **Plan de Actuación en Emerxencias** será responsable de activar o devandito plan de acordo co establecido no mesmo:

- Declarando a correspondente situación de emerxencia
- Notificando ás autoridades competentes de Protección Civil
- Informando ao persoal.
- Adoptando as accións inmediatas para reducir as consecuencias do accidente ou suceso.

## **2. DESCRIPCIÓN DETALLADA DA ACTIVIDADE E DO MEDIO FÍSICO NO QUE SE DESENVOLVE**

## 2.1. DESCRIPCIÓN DE CADA UNHA DAS ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS OBXECTO DO PLAN

As instalacións do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO destínanse ao ensino de formación profesional nas áreas de electricidade e electrónica; ; enerxía e auga; fabricación mecánica; instalación e mantemento; madeira, moble e cortiza; química; seguridade e medio ambiente; transporte e mantemento de vehículos. Polo que consta das dependencias necesarias para impartir ditas especialidades, tales como aulas, talleres e laboratorios. Tamén impártense accións formativas relativas a orientación Laboral.

Tamén, de cando en vez, se desenvolven actividades docentes, xornadas técnicas, conferencias, etc. para persoal non matriculado no centro docente, organizados por algunha sección adscrita á Xunta de Galicia, empresas, asociacións, etc.

## 2.2. DESCRIPCIÓN DO CENTRO OU ESTABLECEMENTO, DEPENDENCIAS E INSTALACIÓNS ONDE SE DESENVOLVEN AS ACTIVIDADES OBXECTO DO PLAN.

O centro, que foi inaugurado no ano 1967, sobre un soar de 24.000 m<sup>2</sup>, está construído en formigón e consta dun edificio principal con 2 anexos situado sobre unha superficie de 6.700 m<sup>2</sup>, e outro edificio de 1.500 m<sup>2</sup>. Coa seguinte distribución:

- **Edificio do Pavillón.** É un edificio separado do Edificio Principal, que foi un antigo pavillón deportivo situado na zona oeste. Este edificio ocupa unha superficie de 1.500 m<sup>2</sup>. Este edificio está adicado a ensinanza ocupacional relacionada con soldadura, mobeis, mecatrónica, e conducción de auga. Neste edificio incluíronse dependencias, independentes, dentro del, en dúas plantas.
- **Edificio Principal** sobre 6.700 m<sup>2</sup> que consta dunha planta soto, planta baixa e dúas altas. Sendo a altura máxima do edificio 14 m., e a altura de evacuación da 2ª planta 8,5 m. Os edificios anexos:
  - Un deles cunha planta baixa e unha planta superior.
  - Un salón de actos

Coas seguintes superficies:

- A planta soto ten unha superficie de 1.500 m<sup>2</sup>.
- A planta baixa ten unha superficie de 6.700 m<sup>2</sup>.
- A planta no primeiro piso ten unha superficie de 1.400 m<sup>2</sup>., e
- A planta no segundo piso ten unha superficie de 850 m<sup>2</sup>.

### **Planta soto do Edificio Principal**

Nesta planta atópase:

- Unha aula de electricidade.
- Unha cafetería, con unha sala anexa de cociña.
- Unha zona onde se encontra a sala de caldeiras, o depósito de gasóleo, almacenamento de produtos de limpeza.

- Un almacén xeral de material diverso: mesas, cadeiras, material eléctrico, máquinas.
- Un almacén xeral de documentación do Centro.
- Un grupo de cuartos sen uso específico.

### **Planta baixa do Edificio Principal**

Nesta planta atópase:

- Unha zona de oficinas onde se atopa a Dirección do Centro e diversas salas do profesorado.
- Un salón de actos con capacidade para 302 persoas.
- Unha biblioteca.
- A Conserxería.
- Baños e zona de almacenamento de materiais de limpeza.
- No corredor da biblioteca, Hai diversas zonas departamentais.
- Aulas de formación. Con mesas, cadeiras, ordenadores, encerados, pantallas de proxección de datos e proxectores
- Taller de madeira. Con madeiras en produtos químicos para o tratamento de madeira
- Taller de electricidade. Con diverso equipo de electricidade.
- Taller de electrónica. Con diverso tipo de equipos electrónicos.
- Taller de motores. Con diverso tipo de equipos propios dun taller mecánico para a reparación de vehículos.
- Taller de pintura. Con equipos para o pintado de vehículos, onde se almacena produtos químicos (pinturas).
- Taller de soldadura. Con materiais propios para facer soldaduras.

### **Primeiro andar do Edificio Principal**

Hai dúas zonas: Unha a que se ten acceso pola escaleira preto da conserxería, e que da ao vestíbulo e outra a que se accede polos talleres ou polas escaleiras que hai no corredor dos talleres.

Neste primeiro andar atópanse:

#### **I. Accedendo dende o vestíbulo:**

- Laboratorios de química, de química ambiental e de bioloxía. Con poiatas, cadeiras, material de laboratorio e produtos químicos con diferentes catalogación en canto aos seus riscos.
- Un cuarto de almacenamento de material diverso: documentos, material de madeira, plásticos.
- Departamento de Química.
- Un baño
- Unha aula de ordenadores.

#### **II. Accedendo dende os talleres o dende o corredor de talleres:**

- Aulas de formación. Con mesas, cadeiras, ordenadores, encerados, pantallas de proxección de datos e proxectores.
- Aulas de formación de informática
- Aula do taller de madeira. Con mesas, cadeiras e ordenador.
- Aula do taller de electricidade. Con mesas, cadeiras e ordenador.
- Aula do taller de electrónica. Con mesas, cadeiras e ordenador..
- Aula do taller de motores. Con mesas, cadeiras e ordenador.
- Aula do taller de pintura. Con mesas, cadeiras e ordenador.
- Aula-Taller de soldadura. Con mesas, cadeiras e ordenador.

### **Segundo andar do Edificio Principal**

A esta zona accedese polas escaleiras que atópanse no vestíbulo, preto da conserxería, e despois de pasar polo andar onde se atopan os laboratorios. Nesta planta atópase:

- Un cuarto de almacenamento de material diverso: documentos, material de madeira e plásticos.
- Un aseo.
- Departamento de formación e orientación laboral.
- 9 Aulas de formación e una sala de reunións. Con mesas, cadeiras, ordenadores, encerados, pantallas de proxección de datos e proxectores

Os edificios encóntranse sobre un outeiro a onde se accede, dende a Avenida Rosalía de Castro, por un camiño con unha pendente superior ao 11%. Tamén dende a rúa Ferrol.

### **2.2.1 MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN**

A primeira construción do actual edificio data do ano 1967 e tivo diferentes fases de ampliación das instalacións. De aí a diversidade de materiais existentes na súa construción. No edificio do Pavillón fixéronse separacións entre as diferentes dependenzas con materiais de cemento e madeira, construídos por persoas asociadas ao CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO.

ELEMENTO	MATERIAL e DESCRICIÓN
Estrutura	Formigón armado
Pisos	Forxado de formigón de anchura superior a 35 cm.
Tabiquería exterior	Dobre tabique de formigón, revestido de placas de simulación de pedra
Tabiquería interior	Ladrillo de 8 cm. revestido de morteiro ou alicatado e madeira no edificio do Pavillón.
Teitos	Falso teito de escaiola e outros materiais
Cuberta	Pranchas de fibrocemento. Estrutura de viguetas de formigón pretensado sobre tabiques de carga que parten dunha placa de forxado de formigón
Solos	Na súa maior parte de terrazo

### 2.3. CLASIFICACIÓN E DESCRICIÓN DE USUARIOS.

Na última revisión que se fixo deste Plan de Autoprotección atópanse no Centro varios tipos de usuarios:

1. Alumnado. Pode haber entre 1.400 e 1500 persoas. No momento que se editou esta revisión do Plan de Autoprotección había unhas 1.453 persoas.
2. Profesorado. Pode haber entre 130 e 150 persoas. No momento que se editou esta revisión do Plan de Autoprotección había unhas 139 persoas.
3. Persoal Non Docente: 15 persoas.
4. 1 persoas para atender a cafetería.
5. Outra tipoloxía de usuarios. Adoitan ser os alumnos e profesores dos cursos que, de cando en vez, veñen a participar en Xornadas Técnicas, Conferencias, etc. Que se imparten no Centro.
6. Tamén os pais dos alumnos que poidan vir. Tamén as visitas persoais para falar co profesorado.

### 2.4. DESCRICIÓN DO ÁMBITO URBANO, INDUSTRIAL OU NATURAL NO QUE FIGUREN OS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVE A ACTIVIDADE.

O Centro encóntrase nunha zona urbana aos arredores de Santiago de Compostela na zona sur do eixe A Coruña-Santiago-Pontevedra. A entrada principal é cara á avenida de Rosalía de Castro, á altura do número 133.

- Extremo Norte das instalacións fai esquina a avenida Rosalía de Castro coas instalacións do Hotel Peregrino e un grupo de vivendas que a separan da rúa Doutor Maceira.
- O extremo Sur fai esquina entre a rúa Branco Nájera e unha zona axardinada que o separa da rúa José Ángel Valente.
- O extremo Leste encóntrase limitando coas vivendas que o separan do punto onde conflúen a avenida de Ferrol e a rúa Doutor Maceira. E bordeado polo itinerario de Luís Pasín co separa do parque.
- Ao Oeste limita cun grupo de vivendas que separa as súas instalacións da Avenida Rosalía de Castro.



## 2.5. DESCRIPCIÓN DOS ACCESOS. CONDICIÓN DE ACCESIBILIDADE PARA A AXUDA EXTERNA.

Os puntos de acceso ás instalacións do Centro, para recibir axuda externa, encóntranse localizados en dous puntos:

### Para acceder vehículos e persoas:

- **Pola entrada principal** situada na Avenida Rosalía de Castro, no extremo norte da instalación. Ancho da avenida: 7 m. Hai dúas barreiras que se accionan desde a conserxería do Centro. Pasada a primeira barrera, hai unha estrada cunha pendente superior o 11% hasta chegar a 2ª barrera.

#### Coordenadas:

42º 52' 21,91" Norte

8º 33' 17,18" Oeste

- **No extremo Leste** fronte aos edificios que separan ao Centro da confluencia da avenida de Ferrol (ancho 7 m.) e rúa Doutor Maceira (ancho 5 m.), por un camiño que vai bordeando os edificios ata chegar ao Centro. Hai una porta corrediza para vehículos e una porta para persoas.

#### Coordenadas:

42º 52' 13,49" Norte

8º 33' 18,93" Oeste

### Para acceder só persoas:


- **No lado Norte**, hai unha porta no enreixado, contra os edificios de vivendas externos. Fronte á entrada principal do edificio do Centro.

#### Coordenadas:

42º 52' 14,55" Norte

8º 33' 19,35" Oeste

É importante ter en conta que nas horas de entrada e saída do alumnado prodúcese unha ocupación excesiva nos accesos o Centro.



2.5.1. PLANO DE SITUACIÓN



2.5.2. PLANOS DESCRIPTIVOS DE TODAS AS PLANTAS DOS EDIFICIOS, DAS INSTALACIÓNS E DAS ÁREAS ONDE SE REALIZA A ACTIVIDADE.

no ANEXO 3, móstranse os planos descriptivos do Centro, nos planos PS-1- PS-2, PS-3, PS-4, PS-5, PS-6 e PS-7

### **3. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DE RISCOS**

### **3.1. DESCRIPCIÓN E LOCALIZACIÓN DOS ELEMENTOS, INSTALACIÓNS, PROCESOS DE PRODUCCIÓN, ETC., QUE PÓIDAN DAR ORIXE A UNHA SITUACIÓN DE EMERXENCIA OU INCIDIR DE XEITO DESFAVORABLE NO DESENVOLVEMENTO DESTA.**

Os elementos que poden orixinar unha situación de emerxencia pódense clasificar en dous grupos: Internos, xerados dentro do Centro, e Externos, que poden xerarse no exterior do Centro.

#### **ELEMENTOS INTERNOS**

Varios son os elementos internos que poden xerar unha situación de emerxencia, con independencia do tipo de emerxencia, manifestándose dentro do Centro. Son os seguintes:

- As caldeiras de vapor. Xa que poden dar orixe a unha explosión.
- As salas de trafos. Pode ser un foco de incendio.
- A biblioteca tamén é un lugar de risco xa que nela se acumulan gran cantidade de libros (material combustible).
- O tanque de almacenamento de gasóleo. Este produto é combustible.
- O aparcadoiro de vehículos preto do edificio.
- Os produtos químicos inflamables e o combustible (madeira) presentes na planta baixa, no taller de madeira. Nesta sección hai gran cantidade de produtos químicos inflamables que poden orixinar un incendio que pode destruír todo o edificio xa que nesa zona concéntrase gran cantidade de material combustible (madeira)
- No primeiro andar, accedendo polas escaleiras do vestíbulo, encóntranse os laboratorios de química onde se acumulan produtos químicos asociados a diferentes riscos: inflamables, tóxico, nocivos, etc. Os produtos inflamables poden orixinar un incendio no andar indicado. Tamén hai presenza de contaminantes biolóxicos nese andar polo que pódense liberar no caso dun accidente grave no lugar.
- Bombonas de butano presentes nos laboratorios de química poden explotar e xerar incendio, liberar produtos tóxicos ou microbiolóxicos.
- O silo de labras que hai no exterior, preto do taller de madeira, que dá lugar a atmósferas explosivas.
- Nas aulas taller de motores tamén atópanse produtos químicos inflamables nos almacéns que hai baixo as escaleiras que dan as aulas polo que un incendio nos almacéns poden xerar fumes que se poden acumular nas aulas de enriba.
- Botellas de acetileno presentes na instalación tanto no exterior como nas aulas dos talleres de motores.
- Lumes eléctricos orixinados pola presenza de ordenadores que están enriba de mesas de madeira.
- O edificio do Pavillón hai almacenada unha gran cantidade de madeira. Tamén, as aulas e talleres están construídos con paredes de madeira.

- En todo o Centro hai diversas dependencias que se utilizan para almacenar materiais de diversos tipos, sobre todo documentos en soporte papel que poden arder xa que son combustibles.
- En todas as aulas, agás nos laboratorios do primeiro andar, hai ordenadores sobre mesas de madeira que poden ser considerados elementos de risco xa que poden ser orixe dun lume.
- Derrubamento do edificio. Aínda que non e probable, xa que ten moitos anos, non se descarta. Non hai que esquecer que o Servicio de Sismoloxía do Instituto Xeográfico Nacional clasifica a Santiago de Compostela como zona de nivel III, xa que nela veñen detectando movementos sísmicos de nivel comprendido entre 2 e 3 na escala Richter. Nos últimos 50 anos detectáronse 11 terremotos preto de Santiago de Compostela.

### ELEMENTOS EXTERNOS

Os axentes externos que poden ocasionar unha situación de risco no Centro poden ser de varios tipos:

- Acceso de persoas alleas ao Centro, con intención de causar dano tanto as persoas como aos bens contidos no CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO.
- Caída de elementos sobre os edificios. Preto do Centro está o Complexo Hospitalario de Santiago de Compostela con helipuerto. Santiago ten un aeroporto internacional que
- Terremoto. Santiago de Compostela atópase, segundo Servizo de Sismoloxía do Instituto Xeográfico Nacional, nunha zona sísmica de nivel III, xa que nela se veñen detectando movementos sísmicos de nivel 2-3 na escala Richter. Nos últimos 50 anos detectáronse 11 terremotos preto de Santiago de Compostela.
- Posibles accidentes de vehículos que transportan mercadorías perigosas conforme a normativa ADR.

### **3.2. IDENTIFICACIÓN, ANÁLISE E AVALIACIÓN DOS RISCOS PROPIOS DA ACTIVIDADE E DOS RISCOS EXTERNOS QUE PUIDESEN AFECTAR (RISCOS CONSIDERADOS NOS PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL E ACTIVIDADES DE RISCO PRÓXIMAS).**

Os riscos máis importantes que poden dar lugar a unha emerxencia son os indicados a continuación. Divídense en riscos orixinados dentro do Centro e riscos que proceden do exterior.

### 3.2.1 IDENTIFICACIÓN DOS RISCOS

#### RISCOS ORIXINADOS NO PROPIO CENTRO

RISCO		SITUACIÓN	IDENTIFICACIÓN
Nº	Tipo		
001	explosión	Planta soto. Sala de Caldeiras	Caldeiras de vapor
002	explosión	Planta soto. Cociña	Butano
003	incendio	Planta soto. Depósito de gasóleo, operación descarga do gasóleo. Vehículos no aparcadoiro.	Produtos químicos inflamables (gasóleo e gasolina)
004	incendio	Planta soto. Arquivo e Almacén 1	Documentación en papel
005	incendio	Planta soto. Almacen mantemento preto do arquivo	Produtos inflamables
006	Incendio	Planta soto. Almacén xeral	Material combustible diverso (madeira, papel)
007	Incendio	Planta soto. Aula plástica	Material combustible: madeira
008	Incendio	Planta soto. Sala de trafos	Electricidade
009	Incendio	Planta soto. Grupo electrógeno	Tanque gasoil.
010	Incendio	Planta baixa. Biblioteca	Material combustible
011	Incendio	Planta baixa. Taller de electricidade	Fuego eléctrico
012	Incendio	Planta baixa. Almacén de muebles frente a Taller de electricidade	Material combustible
013	Incendio e explosión	Planta baixa. Taller de madeira. Silo de labras	Material combustible e inflamable.
014	Incendio	Planta baixa. Taller soldadura, carrocería, mecanizado y motores	Acetileno y osíxeno
015	Incendio	Planta baixa. Almacén taller electrónica	Produtos químicos inflamables e comburentes
016	Incendio	Primeiro andar. Laboratorios química	Produtos químicos inflamables
017	Explosión	Primeiro andar. Laboratorios química	Gas butano.
018	Toxicidade	Primeiro andar. Laboratorios química	Produtos químicos tóxicos, nocivos, e material biolóxico
019	Incendio	Primeiro andar. Aula ordenadores	Electricidade
020	Incendio	Primeiro andar. Almacén pinturas	Produtos inflamables
021	Incendio	Primeiro andar. Aula ordenadores	Electricidade
022	Incendio	Primeiro andar. Aulas de talleres	Materiais combustible
023	Incendio	Segundo piso. Aula multimedia	Materiais combustible e eléctrico
024	Incendio	Segundo piso. Aulas 7, 8, 9, 10, 11, 12	Material combustible
025	Incendio	Segundo piso. Aulas 5 e 6	Material combustible e eléctrico
027	Incendio	Primeiro e segundo andar. Almacén	Material combustible
028	Incendio	Primeiro e segundo andar. Despachos	Material combustible e eléctrico
029	Incendio	Edificio Pavillón. Aulas e almacén	Material combustible
030	Derrubamento	Todo ou parte do Centro	Zona sísmica nivel III

**RISCOS CON ORIXE NO EXTERIOR**

RISCO		SITUACIÓN	IDENTIFICACIÓN
Nº	Tipo		
031	Vandalismo e terrorismo	Todo o Centro	Terrorismo
032	Caída de avións ou helicópteros	Todo o Centro	
033	Terremoto	Todo o Centro	Toxicidade, fume,
034	Produtos químicos	Estrada Nacional, AP	Produtos químicos transportados por estrada (Normativa ADR)

**3.2.2 DENSIDADE DE CARGA DE LUME DA INSTALACIÓN**

A estimación da carga de lume en algún puntos do Centro é complexa xa que non existe una única tipoloxía de material combustible en cada punto do Centro, o contrario, sempre atópase una mestura de materiais combustibles en cada punto do centro. Non obstante en algúns puntos atópase localizado elementos combustibles tales como o gasóleo, produtos químicos inflamables e tóxicos como elementos predominantes. Tamén se debe ter en conta que en todos os casos, a situación dos elementos pode variar co tempo. Por iso, para estimar a carga de lume débense facer as seguintes consideracións:

- Considerarase que o Centro funciona con capacidade máxima por aula: 22 alumnos por aula. Atopándose en cada aula unha mesa e una cadeira para cada alumno, e tamén un ordenador alí onde fose requirido.
- Os contidos en elementos combustibles consideraranse os valores máximos, para obter estimacións máximas.
- Tomarase como base os datos indicados no Real Decreto 2267/2004, do 3 de decembro, para facer as estimacións de carga de lume.
- Densidade da madeira: 0,6 Kg/litro.
- Gramaxe do papel: 80 grs/m<sup>2</sup>.

A densidade de carga de lume calcúlase coa fórmula indicada no Real Decreto 2267/2004 para as actividades de almacenaxe:

$$Q_s = \frac{\sum_1^i q_{wi} C_i h_i s_i}{A} R_a \quad (\text{MJ} / \text{m}^2) \text{ o } (\text{Mcal} / \text{m}^2)$$

Onde:

- $Q_s$  = densidade de lume, ponderada y corrixida, do sector o área de lume, en MJ/m<sup>2</sup>.
- $G_i$  = masa, en kg, de cada un dos combustibles (i) que existen no sector o área de lume (incluídos os materiais construtivos combustibles).

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- $q_i$  = poder calorífico, en MJ/kg de cada un dos combustibles (i) que existen no sector de lume.
- $C_i$  = coeficiente adimensional que pondera o grado de perigosidade (por a combustibilidade) de cada un dos combustibles (i) que existen no sector de lume.
- $R_a$  = coeficiente adimensional que corrixe o grado de perigosidade (pola activación) inherente a actividade industrial que se desenvolve no sector de lume, produción, montaxe, transformación, reparación, almacenamento, etc.
- $q_{vi}$  = densidade de lume, aportada por cada  $m^3$  de cada zona con diferente tipo de almacenamento (i) existente no sector de lume, en MJ/m<sup>3</sup>.
- $h_i$  = altura del almacenamento de cada un dos combustibles, (i), en m.
- $s_i$  = superficie ocupada en planta por cada zona con diferente tipo de almacenamento (i) existente no sector de lume, en m<sup>2</sup>.

Para as actividades de produción, transformación, reparación ou calquera outra distinta do almacenamento, úsase a fórmula:

$$Q_s = \frac{\sum_1^i q_{si} S_i C_i}{A} R_a \quad (\text{MJ} / \text{m}^2) \text{ o } (\text{Mcal} / \text{m}^2)$$

Onde:

- $Q_s$ ,  $C_i$ ,  $R_a$  y  $A$  teñen a mesma significación que no dito para o almacenaxe.
- $q_{si}$  = densidade de carga de lume de cada zona con proceso diferente segundo os diferentes procesos que se realizan no sector de lume (i), en MJ/m<sup>2</sup>.
- $S_i$  = superficie de cada zona con proceso diferente e densidade de carga de lume,  $q_{si}$  diferente, en m<sup>2</sup>.

No Real Decreto 2267/2004 atópanse os valores de  $R_a$ ,  $C_i$ , os poderes caloríficos dos combustibles, e a densidade de lume aportado por cada material

PLANTA SOTO

Para esta planta, de 1.500 m<sup>2</sup> de superficie, faranse as seguintes consideracións:

- O tanque de almacenamento de gasóleo está cheo hasta o límite da súa capacidade: 20.000 litros.
- No tanque de gasóleo do grupo electrógeno hai sempre 50 litros.
- No lugar de almacenamento de materiais de limpeza hai sempre: 24 sprays de produto inflamable, en 100 litros de produtos químicos de limpeza.
- Na cafetería sempre hai 20 mesas de madeira, cada una delas con 4 cadeiras de madeira. E un biombo de madeira de separación. Consideramos 125 Kgs. de madeira
- Na aula de electrónica hai un total de 100 Kgs. de madeira que forma parte de todas as súas mesas.
- No exterior, preto a cociña, hai 5 bombonas de propano, de 35 Kgs/bombona.

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- O arquivo xeral considerámolo como una biblioteca, coas características que se indican na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.
- Preto do arquivo xeral hai, repartidos pola zona, uns 100 Kgs. de madeira e 25 Kgs. de produtos químicos combustibles.
- No almacén xeral atópase 200 Kgs. de madeira, e arquivo de papeis.

Elemento	G	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume do soto (MJ/m <sup>2</sup> )	
						Planta soto
Tanque Gasóleo	20.000			42	466,7	941,53
Gasóleo (electróxeno)	50			42	1,4	
Trafos-1	162			46	4,97	
Trafos-2	345			46	10,58	
propano	175			46	5,4	
Produtos limpeza	60	1,5	1,0	500	0,03	
Produtos limpeza inflamables	20	2	1,6	1000	0,04	
Madeira cafetería	125	2,0	1,0	800	0,23	
Madeira aula electricidade	100	1,5	1,0	800	0,13	
Papel arquivo xeral		2,0	1,0	2.000	242,67	
Papel zona preto arquivo xeral		2,0	1,0	2.000	101,33	
Madeira zona preto arquivo xeral	100	2,0	1,0	800	0,18	
Produtos químicos preto arquivo xeral	25	2,0	1,3	1.000	0,04	
Madeira almacén xeral	200	2,0	1	800	0,36	
Papel almacén xeral		2,0	1,0	2.000	107,47	

PLANTA BAIXA

Para esta planta, de 6.700 m<sup>2</sup> de superficie, fanse as seguintes consideracións. Separámoslos en dous zonas:

1. Unha zona con 4.031 m<sup>2</sup> que é a zona de talleres, incluído a biblioteca e o taller de electricidade e
2. O resto, 2.669 m<sup>2</sup>, e o sector de servicios: oficina, despachos, salón de actos, etc.:
  - O Salón de Actos considerase, a efectos de cálculos, igual que un teatro, coas características dadas para este taller na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004. Pero hai que facer os cálculos de densidade de carga de lume para o vestíbulo onde consideramos 100 Kgs en móbeis de madeira.
  - No área de oficinas considerase como una oficina técnica, coas características dadas para estas oficinas na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.
  - Biblioteca considerase como tal, coas características dadas para as bibliotecas na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.
  - A aula de electricidade considerase como taller de electricidade, coas características dadas para este taller na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.

- Na zona de despachos fronte a aula de electricidade hai un local onde atopase o mobiliario antigo. Considerase 200 Kgs. de móbéis de madeira almacenado.
- Taller Madeira-1. Esta e un taller onde se atopa una gran cantidade de madeira e importante cantidade de produto químico inflamable para o tratamento de madeira. Consideramos 25 Tn. de madeira variada e uns 200 litros (densidade= 1 Kg/l) de produto químico inflamable. Aínda que o almacenamento dos produtos químicos está localizado nunha zona próxima á cabina de pintura, a madeira encóntrase distribuída nunha área importante do aula-taller e ocupando todas as paredes. E importante considerar que parte do teito deste aula-taller e acristalado. Enriba do taller de madeira está o único acceso a aula deste taller que, ademais, parte dela está entre os teitos acristalados do taller de madeira
- O taller de soldadura considéranse como taller de reparacións, coas características dadas para este taller na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.
- Os talleres de mecanizado, de motores considéranse como taller mecánico, coas características dadas para este taller na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.
- Os talleres de pintura considéranse como taller de pintura, coas características dadas para este taller na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.
- No almacén 2 e almacén 3 considerase a presenza de 300 Kgs. de papel por almacén.
- Os talleres de electrónica considéranse como taller de electricidade, coas características dadas para este taller na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.
- No área de electrónica hai un cuarto de almacenamento, preto da escaleira, onde consideramos 125 quilos de produtos químicos inflamables, 100 litros de auga oxigenada (30%) e 50 litros de ácido clorhídrico. E nas aulas, 1 mesa con cadeira para cada un dos 22 alumnos (600 Kgs. de madeira).
- Hai un almacenamento de acetileno no exterior. Consideramos 3 botellas.

ZONA DE TALLERES: 4.031 M<sup>2</sup>

Elemento	G	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume da Planta baixa (MJ/m <sup>2</sup> )	
						Planta baixa
Biblioteca		2,0	1,0	2.000	111,00	487,12
Aula de electricidade		1,5	1,0	600	42,13	
Taller Madeira-1. Madeira	25.000	2,0	1,0	4.200	86,72	
Taller Madeira-1. P. Químicos	200	2,0	1,6	1.000	0,17	
Taller soldadura		1,0	1,0	400	22,39	
Taller mecanizado		1,0	1,0	200	5,59	
Talleres motores		1,0	1,0	200	37,15	
Talleres pinturas		1,5	1,0	500	39,47	
Taller enchapado		1,0	1,0	200	12,05	

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Taller electricidade		1,5	1,0	600	46,55	
Almacén 2 e 3	200	2,0	1,0	10.000	1,03	
Taller electrónica		1,5	1,0	600	82,50	
Almacén químicos taller electrónica	125	2,0	1,6	1.000	0,10	
Almacén acetileno	21			50,2	0,27	

ZONA DE SERVICIOS, 2.669 M<sup>2</sup>

Elemento	G	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume da Planta baixa (MJ/m <sup>2</sup> )	
						Planta baixa
Salón de actos		1,0	1,0	300	49,45	105,88
Vestíbulo do salón de actos	100	1,5	1,0	800	0,08	
Oficina		1,0	1,0	600	56,20	
Almacén fronte a aula de electricidade	200	1,5	1,0	800	0,15	

PRIMEIRO ANDAR

No primeiro andar hai dúas zonas:

1. Unha delas e onde se atopan os laboratorios. Accedese polas escaleiras que hai preto da Conserxería do Centro.
2. A outra zona está composta das aulas que se atopan enriba dos talleres.

PRIMEIRO ANDAR. OS LABORATORIOS

Solo hai una entrada, que tamén é a saída, pola escaleira que leva o vestíbulo. Este andar fai de cuberta da zona exterior de acceso á entrada principal do Centro.

O extremo desta parte do edificio encóntrase a uns 10 metros da fachada das vivendas lúdicas ao Centro. A superficie da planta e 850 m<sup>2</sup>

- Nas aulas considerase 22 mesas co a súa cadeira 15 Kgs. de madeira por alumno
- Os laboratorios xa son tidos en conta como tales na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.
- No corredor do piso atópase estantes de madeira con material e equipos de laboratorio. Considérase 300 Kgs. de madeira.
- Preto da escaleira hai un pequeno almacén onde consideramos: 100 Kgs. de papel, 100 Kgs. de madeira, como material combustible importante.
- Na aula de ordenadores considerase 150 Kg. de madeira
- O despacho da Xefatura de Estudos considerámolo coas características dadas para una oficina técnica na táboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.

Elemento	G	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume da Planta laboratorios (MJ/m <sup>2</sup> )	
					laboratorios	
Laboratorios 1, 2, 4, 5		1,5	1,6	500	667,77	696,07
Laboratorio 3		1,0	1,0	200	8,00	
Corredor	300	2,0	1,0	800	0,94	
Aula 1	330	2,0	1,0	800	1,04	
Aula ordenadores	150	2,0	1,0	800	0,47	
Almacén	100	2,0	1,0	8.400	2,08	
	100	1,5	1,0	800	0,24	
despachos		1,0	1,0	600	15,53	

#### PRIMEIRO ANDAR. AS AULAS ENRIBA DOS TALLERES

Estas aulas están na parte superior dos talleres e accedese por escaleiras que van desde o mesmo taller ou desde as escaleiras que hai no corredor entre taller de madeira e os talleres de electricidade e electrónica. En total ocupan unha superficie de 600 m<sup>2</sup>.

- Nestas aulas consideramos 22 mesas coa súa cadeira 15 Kgs. de madeira por alumno. O importante destas aulas é que o único acceso a elas é por una escaleira que pasa por encima dun cuarto almacén de material inflamable que hai nos talleres.
- As aulas 19, 20, 21, 22 e 23, que están por enriba das aulas de electricidade e o pequeno almacén de produtos químicos, considerase que en cada una delas hai 22 mesas coa súa cadeira 15 Kgs. de madeira por alumno.
- Hai unas aulas de ordenadores, enriba das aulas de electricidade. Consideramos 4 aulas en total con unha mesa con cadeira por alumno. Total 330 Kgs. de madeira por aula.

Elemento	G	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume da Planta 1ª, aula talleres (MJ/m <sup>2</sup> )	
					Andar 1º talleres	
Aulas de talleres	330	2,0	1,0	800	8,80	22,00
Aulas 19, 20, 21, 22, 23 e 24	330	2,0	1,0	800	8,80	
Aulas de ordenadores	330	2,0	1,0	800	4,40	

#### SEGUNDO ANDAR

Este andar atópase enriba do andar onde están os laboratorios de química, e accedese a el continuando pola escaleira que ven desde o vestíbulo e que atravesa o andar dos laboratorios. Non hai outra vía de acceso. Hai un corredor de 2,4 m. de ancho. Ocupa unha superficie total de 850 m<sup>2</sup>.

- Neste andar están as aulas 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e a aula multimedia. Consideramos por aula 22 mesas coas 22 cadeiras (15 Kgs. de madeira por alumno).
- Preto da escaleira hai un pequeno almacén onde consideramos: 100 Kgs. de papel, 100 Kgs. de madeira, como material combustible importante.

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

- Preto dos baños hai un despacho considerámolo coas características dadas para una oficina técnica na taboa 1.2 do Real Decreto 2267/2004.

		R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume do 2º andar (MJ/m <sup>2</sup> )	
						2º andar
Aulas 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12 e multimedia	330	2,0	1,0	800	9,32	27,17
Almacén	100	2,0	1,0	8.400	2,08	
	100	1,5	1,0	800	0,24	
despachos		1,0	1,0	600	15,53	

**PAVILLÓN DEPORTIVO**

No pavillón, de 1.500 m<sup>2</sup>, atópase como elementos combustibles mesas de traballo coas cadeiras e a madeira almacenada e a utiizada para facer as aulas que estánno Pavillón. Imos considerar uns 300 m<sup>3</sup> de madeira

		R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume (MJ/m <sup>2</sup> )
					Total
Madeira	300	2,0	1,0	4.200	1.680

**CARGA DE LUME TOTAL**

No exterior do edificio principal encóntrase o pavillón deportivo. Actualmente este edificio encóntrase baleiro e á espera de que se lle destine un uso.

Por iso, non se fai estimación da carga de lume deste edificio, xa que o seu valor sería irrelevante fronte ao existente no edificio principal. Non obstante, tamén imos considerar a existencia de 3 botellas de acetileno que están almacenadas contra o muro exterior, fronte á entrada principal do edificio, e tamén o silo de labras de madeira que hai no exterior, próximo ao taller de madeira. Este silo, aínda que no exterior. A carga de lume de cada unha de estas áreas asóciase coa área onde prestan o servizo: o acetileno co laboratorio (850 m<sup>2</sup>) e o silo co taller de madeira (4.031 m<sup>2</sup>). Tamén consideramos uns 50 vehículos no aparcadoiro sociado aos 6.700 m<sup>2</sup>.

Elemento	G	R <sub>a</sub>	C <sub>i</sub>	q <sub>i</sub> /q <sub>vi</sub> /q <sub>si</sub>	Densidade de lume do exterior (MJ/m <sup>2</sup> )
					exterior
Almacén acetileno	21			50,2	1,24
Silo labras	6.000	2,0	1	2.100	10,42
aparcadoiro	50	1,5	1,6	300	32,24

Sobre a base destas consideracións, temos a carga de lume total do Centro, que se indica na seguinte táboa, referida as 12.000 m<sup>2</sup> de construción:

Zona	Densidade de lume	Superficie		Densidade de lume	
	MJ/m <sup>2</sup>	Zona	Total	Zona	Total
		m <sup>2</sup>	m <sup>2</sup>	MJ/m <sup>2</sup>	MJ/m <sup>2</sup>
Planta soto	925,98	1.500	12.000	115,75	586,85
Planta baixa. Sector Taller	487,12	4.031		163,63	
Planta baixa. Sector Servizos	105,88	2.669		23,55	
1º Andar. Laboratorios	696,07	850		49,31	
1º Andar. Aulas Taller	22,00	600		1,10	
2º Andar	27,17	850		1,92	
Pavillón deportivo	1.680	1.500		210,0	
Exterior	1,24	850		0,09	
	10,42	4.031		3,50	
	32,24	6.700		18,0	

Conforme ao indicado, e sobre a base do Real decreto 2267/2004, do 3 de decembro, cun nivel intrínseco de lume BAIXO, Nivel 2.

### 3.2.3 METODOLOXÍA DE ANÁLISES DE RISCOS

Aínda que existen diversas metodoloxías para desenvolver as análises de riscos. A selección da metodoloxía máis apropiada en cada caso depende da dispoñibilidade de información e do nivel de detalle que se desexe alcanzar. Os pasos a seguir son:

1. Identificar os elementos de risco. Ver epígrafe 3.1 e 3.2.1
2. Unha vez identificados as ameazas ou posibles aspectos iniciadores de eventos, débese realizar o estimativo da súa probabilidade de ocorrencia, en función das características específicas; ademais, débese realizar o estimativo da severidade das consecuencias sobre os denominados factores de vulnerabilidade que poderían resultar afectados (persoas, medio, sistemas, procesos, servizos, bens ou recursos, e imaxe do Centro).

A metodoloxía utilizada para a análise de riscos é a denominada **Metodoloxía de matriz de riscos**. Esta metodoloxía baséase en valorar as consecuencias de que se produza un sinistro fronte á probabilidade de que aconteza. A gravidade calcúlase en función do que poida supoñer para a vida das persoas, o medio ambiente, para a propiedade e a facilidade de propagarse o sinistro. Chegando a establecerse a **Táboa de Identificación e Valoración das Ameazas**:

**Táboa de Identificación e Valoración das Ameazas**

Gravidade				Control do Risco		
Vi	M	P	Ve	Pb	Pr	Ponderación de danos
Gravidade para a vida	Gravidade para o medioambiente	Gravidade para a propiedade	Velocidade de propagación	Probabilidade de que o risco aconteza	Prioridade	

Onde cada parámetro das columnas indicadas se estiman para cada sinistro en función das táboas seguintes:

**Táboa Vi:** Gravidade para a vida.

Pode tomar os valores 1 a 5, segundo a táboa seguinte:

	Clase	Vi Gravidade para a vida
1	Pouco importantes	Padecementos lixeiros durante un día ou menos.
2	Limitadas	Lesións menores, malestar que perdura por unha semana ou menos.
3	Graves	Algunhas feridas graves, serias complicacións.
4	Moi Graves	Morte de polo menos unha persoa, e/ou varios feridos (20) de gravidade e/ou ata 50 evacuados.
5	Catastróficas	Varias mortes, centos de feridos graves e/ou máis de 50 evacuados.

**Táboa M:** Gravidade para o medio ambiente.

Pode tomar os valores 1 a 5, segundo a táboa seguinte:

	Clase	M Gravidade para o medio ambiente
1	Pouco importantes	Non hai contaminación.
2	Limitadas	Hai baixa contaminación e os seus efectos están contidos.
3	Graves	Hai baixa ou media contaminación e os seus efectos están moi difundidos.
4	Moi Graves	Hai alta contaminación e os seus efectos están contidos.
5	Catastróficas	Hai moi alta contaminación e os seus efectos están moi difundidos.

**Táboa P:** Gravidade para a propiedade.

Pode tomar os valores de 1 a 5, segundo a táboa seguinte:

	Clase	P Gravidade para a propiedade: Costo do dano (Salario mínimo mensual legal vixente)		
		Organización pequena	Organización mediana	Organización Grande
1	Pouco importantes	< 2	< 4	< 8
2	Limitadas	2 - 5	4 - 10	8 - 20
3	Graves	5 - 10	10 - 20	20 - 40
4	Moi Graves	10 - 20	20 - 40	40 - 80
5	Catastróficas	> 20	> 40	> 80

**Táboa Ve:** Velocidade de propagación.

Pode tomar os valores de 1 a 4 segundo a táboa seguinte:

	Clase	Ve Velocidade de propagación
1	Advertencia precisa e anticipada	Efectos contidos / ningún dano.
2	Media	Algunha propagación / poucos danos.
3	Alta	Danos considerables / efectos contidos.
4	Sen advertencia	Descoñecidos ata que os efectos se desenvolveron completamente. Efectos inmediatos como explosión

**Táboa Pb:** Probabilidade de que o risco aconteza.

Pode tomar os valores de 1 a 5 segundo a táboa seguinte:

	Clase	Pb Probabilidade de que o risco suceda
1	Improbable	Menos dunha vez cada 1000 anos.
2	Pouco probable	Unha vez nun período de 100 a 1000 anos.
3	Probable	Unha vez nun período de 10 a 100 anos.
4	Bastante probable	Unha vez nun período de 1 a 10 anos.
5	Moi probable	Más dunha vez por ano

Pr: Prioridade.

Este parámetro calcúlase aplicando as porcentaxes a Gravidade, tal como se observa na táboa seguinte:

Gravidade				Control do Risco	
Vi	M	P	Ve	Pb	Pr
30 %	30%	20%	20%	---	$Pr = (Vi \times 30\% + M \times 30\% + P \times 20\% + Ve \times 20\%) / 4$

Logo realízase a ponderación dos danos e contrástase coa matriz de riscos que se establece en función da prioridade e a probabilidade. Contrastando os datos obtidos na última columna coa táboa seguinte pódese establecer o nivel de risco do Centro:

Porcentaxe obtido pola organización	Resultado
> 65	A actividade da organización considérase de alto risco.
30 - 65	A actividade da organización considérase de risco medio
< 30	A actividade da organización considérase de risco baixo.

### 3.2.4 AVALIACIÓN DOS RISCOS

Para a estimación dos parámetros de probabilidade considéranse en función dos datos a nivel nacional. Así:

- Considerouse o risco de existencia de sismos xa que Santiago de Compostela se encontra nunha zona sísmica Nivel III. Se ben se poden estar a detectar movementos na escala Richter baixos a situación do Centro nunha zona de sismos empurra a unha valoración á alza deste risco.
- Tamén se considerou que o edificio é novo, e aínda que cabe a posibilidade de que se deseñase para resistir sismos importantes, nesta avaliación se valorou de forma negativa ao considerar a súa non consideración.
- Se ben na zona próxima ao Centro non hai bancos nin entidades que xeren crecemento de delincuencia, hai que ter en conta a conflitividade, por motivos de sinais de identidade de orixe relixioso, existente en España, país receptor de persoas de diferentes credos e culturas.

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- Tamén se valorou a presenza do Hospital de Santiago de Compostela próximo ao Centro escolar e o acceso ao devandito centro hospitalario con helicópteros. E a presenza do aeroporto internacional de Lavacolla.
- Aínda que hai pouca constancia de accidentes con caldeiras en centros escolares. Pero hai que valorar que estes elementos están sometidos a unha estrita lexislación co obxecto de evitar accidentes. Por iso, optouse por unha sobrevaloración dos parámetros relacionados cos riscos derivados destes equipos.

O resultado mostrase na táboa seguinte:

RISCO	GRAVIDADE				CONTROL DO RISCO				TOTAL
	Nº	Vi	M	P	Ve	Pb	Pr	Ponderación de danos	
001-2	4	2	2	2	4	0,65	2,6	49,9	
003	4	2	2	1	4	0,60	2,4		
004-6	4	2	1	1	4	0,55	2,2		
007	5	2	3	1	3	0,73	2,2		
008-9	5	2	2	3	3	0,77	2,3		
010-12	5	2	3	3	3	0,83	1,7		
013	5	3	1	3	4	0,75	3,0		
014-15	5	2	2	2	4	0,73	2,9		
016-17	5	1	1	1	4	0,55	2,2		
018	2	1	1	2	4	0,38	1,5		
019	5	2	2	3	4	0,78	3,1		
020-22	5	2	5	4	3	0,98	2,9		
023	5	3	3	4	3	0,95	2,9		
024	5	3	3	4	3	0,95	2,9		
025-29	5	4	3	4	3	1,03	3,1		
030	5	4	3	4	3	1,03	3,1		
031	5	1	5	4	4	0,90	3,6		
032	5	1	2	3	3	0,70	2,1		
033	5	3	5	4	3	1,05	3,2		
034	3	2	1	1	4	0,48	1,9		

O Nivel de Risco é **MEDIO**.

### **3.3. IDENTIFICACIÓN, CUANTIFICACIÓN E TIPOLOXÍA DAS PERSOAS TANTO AFECTAS Á ACTIVIDADE COMO AS ALLEAS A ESTA QUE TEÑAN ACCESO AOS EDIFICIOS, INSTALACIÓNS E ÁREAS ONDE SE DESENVOLVA A ACTIVIDADE**

Polo xeral a maioría de estancias do edificio permanecen pechadas con chave cando non son usadas. Con todo as zonas comúns (corredores, escaleiras, etc.) adoitan atoparse sen limitacións de paso.

Os vestiarios dos diferentes talleres atópanse todos pechados salvo cando se estea impartindo clases. Todos os baños están abertos.

A tipoloxía de persoas que poden encontrarse no Centro pódese agrupar en 4 grupos diferentes:

- Persoal docente. Compono, actualmente, un total de 88 persoas.
- Alumnado. O centro ten, no momento da redacción deste Plan uns 818 alumnos.
- Persoal non docente: 13 persoas
- Persoal contratado. 2 persoas.
- Persoas alleas ao edificio onde a permanencia neste é prolongada:
  - Asistentes a cursos ou outras actividades puntuais
  - Persoal docente para cursos temporais
  - Persoal de empresas que realicen algún tipo de traballo no centro (reformas, reparacións, etc.)
- Visitas. Entre as visitas encóntranse a seguinte tipoloxía:
  - Pais dos alumnos.
  - Persoal da Xunta de Galicia ou Concello de Santiago de Compostela para realizar labores de control e inspección.
  - Outras visitas sen catalogar.

### **3.4. PLANOS DE SITUACIÓN POR PLANTAS DE TODOS OS ELEMENTOS E/OU INSTALACIÓNS DE RISCOS, TANTO OS PROPIOS COMA OS DO ÁMBITO**

No ANEXO III móstranse os planos de situación dos elementos de riscos, por plantas e edificios. Identificados como planos PR-1, PR-2, PR-3, PR-4 e PR-5. O plano do edificio do pavillón móstrase nunha única planta xa que o elemento de risco principal é a existencia de madeira como material combustible mais importante.

## **4. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN**

#### 4.1. INVENTARIO E DESCRICIÓN DAS MEDIDAS E MEDIOS, HUMANOS E MATERIAIS, DE QUE DISPÓN A ENTIDADE PARA CONTROLAR OS RISCOS DETECTADOS, ENFRONTAR AS SITUACIÓNS DE EMERXENCIA E FACILITAR A INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIA.

##### 4.1.1 MEDIDAS E MEDIOS HUMANOS

Para o control dos riscos detectados o Centro conta cos seguintes medios:

PERSOAS (ver TÁBOA I):

- Do equipo de intervención:
- Do equipo de evacuación:

##### 4.1.2 MEDIDAS E MEDIOS MATERIAIS

Os medios materiais cos que está dotado o C.I.F.P. POLITÉCNICO DE SANTIAGO intentan responder ao risco principal co que conta o edificio: o **incendio**. Non entanto, moitos deles son útiles tamén noutros tipos de riscos.

##### CLASIFICACIÓN DOS MEDIOS MATERIAIS NA LOITA CONTRA INCENDIOS (LCI)

Os medios materiais empregados na LCI poden clasificarse en:

- Medios de Detección e alarma.
- Medios de Extinción.
- Medios Auxiliares.

As instalacións de protección contra incendios coas que está dotado o C.I.F.P. Politécnico de Santiago son basicamente as seguintes:

##### **Medios de detección e alarma**

Non existe Sistema de detección. Pero si hai unha central de alarma, con serea, que se oe en todo o Centro.

##### **Medios de extinción**

- Sistema de extintores móbiles (en todos os edificios)
  - Extintores de Po ABC: 48 extintores de 6 Kg. e dous de 10 Kgs.
  - Extintores de CO<sub>2</sub>: 11 extintores de 5 Kg.
  - Extintores automáticos de polvo: 4 de 6 Kgs
  - Hidrantes: ningún.
- Sistema de Bocas de Incendio Equipadas (BIE): 1, en planta baixa no corredor entre taller de motores e o taller de soldadura.

<b>DIRECCIÓN DE EQUIPOS y COMPOSICIÓN DE LOS EQUIPOS</b>		
	<b>DIRECCIÓN dos EQUIPOS</b>	<b>MEMBROS</b>
<b>DIRECCIÓN EMERXENCIA</b>	<p>5º. O Director/ra do Centro.</p> <p>Na súa ausencia será substituído polas seguintes persoas e no seguinte orde:</p> <p>6º. Subdirector/ra do Centro.</p> <p>7º. O Secretario/a do Centro.</p> <p>8º. O Xefe/a de Estudos</p> <p>9º. Conserxe.</p>	
<b>EVACUACIÓN</b>	<p>1º. Xefe/a de Estudos.</p> <p>Na súa ausencia será substituído polas seguintes persoas e no seguinte orde, sempre que non estiveran actuando como Dirección de Emerxencia:</p> <p>2º. Subdirector do Centro.</p> <p>3º. O que sexa o Director de Emerxencia.</p> <p>4º. Conserxe.</p>	<p><u>Membros do Equipo de Evacuación:</u></p> <p>Profesor ou profesora da aula. Profesor ou profesora encargado/a FCTs</p>
<b>INTERVENCIÓN</b>	<p>1º. Secretario/a do Centro.</p> <p>Na súa ausencia será substituído polas seguintes persoas e no seguinte orde, sempre que non estiveran actuando como Dirección de Emerxencia:</p> <p>2º. Subdirector do Centro.</p> <p>3º. O que actúe como Dirección de Emerxencia.</p> <p>4º. O Conserxe.</p>	<p><u>Membros do Equipo de Intervención</u></p> <p>Conserxes</p>
<b>TÁBOA I</b>		

### Medios Auxiliares

- Instalación de alumado de emerxencia e sinalización.
- Instalacións de evacuación.
- Punto de Encontro para as persoas do Edificio Principal: a zona cuberta a entrada do edificio principal. Este Punto atópase dividido por zonas, e sinalizado nas columnas, o chan, para que nelas se sitúen as persoas que evacúen o Centro. Así:
  - Zona A. Para o alumnado e profesorado de Electricidade e Electrónica.
  - Zona B. Para o alumnado e profesorado de Atomoción.
  - Zona C. Para o alumnado e profesorado de Madeira, Moble e Cortiza, e Fabricación Mecánica.
  - Zona D. Para o alumnado e profesorado de Química.
  - Zona E. Para as visitas e personal non docente do Centro.
- Punto de Encontro para as persoas presentes no Edificio do Pavillón: No exterior do edificio, preto da entrada a cafetería.

### MEDIOS PARA LOITAR CONTRA DERRAMOS

- Ningunha barreira de contención de derramos. O Centro encóntrase nunha zona alta, cunha pendente, superior o 11% cara á avenida de Rosalía de Castro.

### OUTROS ELEMENTOS:

- Interruptores de emerxencia: ningún
- Unha Central de Emerxencia asociada a unha alarma xeral que se pode oír en todo o Centro.
- 6 Walkie-talkies para utilizar polo Director de Emerxencia e os Xefes de Evacuación e Intervención e algún outro membro.
- Dous megáfonos.
- Planos de “Vde. está Aquí” distribuído por diversas zonas do Centro.
- Ascensor para axudar a saír a persoas con minusvalía na zona das Aulas 19-24.

## **4.2. AS MEDIDAS E OS MEDIOS, HUMANOS E MATERIAIS, DISPOÑIBLES EN APLICACIÓN DE DISPOSICIÓNES ESPECÍFICAS EN MATERIA DE SEGURIDADE.**

Os elementos dispoñibles no Centro e que están suxeitos a disposicións específicas son os seguintes:

Os equipos de extinción de incendios que están suxeitos ao Real Decreto 513/2017, do 22 de maio.

Os elementos de sinalización dos equipos de contraincendios e de vías de evacuación que están suxeitos á lexislación de sinalización, Real Decreto 485/1997, do 14 de Abril.

As escaleiras e corredores de evacuación que han de cumprir coa normativa legal e cumprir co Real Decreto 486/1997, do 14 de Abril.

4 Caldeiras de vapor as que é de aplicación o Real decreto 2060/2008, do 12 de Decembro.

Segundo o Regulamento sobre Centrais Eléctricas, Subestacións e Centros de Transformación, colocárase como mínimo un extintor de eficacia 89 8 naquelas instalacións nas que non sexa obrigatoria a disposición dun sistema fixo. Este extintor debe colocarse sempre que sexa posible no exterior da instalación para facilitar a súa accesibilidade e, en calquera caso, a unha distancia non superior a 15 m da mesma.

#### 4.2.1 CÁLCULO DA OCUPACIÓN NAS VÍAS DE EVACUACIÓN

Para realizar unha estimación dos anchos das vías, escaleiras e portas de evacuación, tomárase como referencia as indicacións do Código Técnico de Evacuación. E para facer o cálculo farase a suposición de que en todas as aulas haberá una ocupación máxima de 25 persoas e, tamén, que todas as aulas do corredor están con alumnado

Na táboa seguinte indícase o ancho que debería ter o corredor, porta o escaleira, segundo número de persoas que sairán en caso dunha evacuación

<b>CALCULO DA OCUPACIÓN MÁXIMA TEÓRICA DAS VÍAS DE EVACUACIÓN DO EDIFICIO</b>			
<b>CORREDORES</b>	<b>Ancho (m.)</b>	<b>Persoas</b>	<b>Ancho segundo Código Técnico Construción</b>
PLANTA BAIXA Corredor fronte Dpto. Carpintería	1,90 m.	225	1,125
PLANTA BAIXA Corredor entre taller mecanizado, Toyota, Soldadura, ....	2,00 m.	175	0,875
PLANTA PRIMEIRA Laboratorio	2,50 m.	175	0,875
PLANTA PRIMEIRA Informática	2,20 m.	250	1,250
PLANTA SEGUNDA	2,50 m.	225	0,875
ESCALEIRA Primeira planta a vestíbulo	2,20 m.	400	2,500
ESCALEIRA Informática a Talleres	1,50 m. Hai 2 escaleiras	250	1,563
PORTAS Vestíbulo	2,4 m. Hai 3 portas	Estimado: 500 persoas	2,500
PORTAS Saída informática e talleres	2,6 m 2 portas	425	2,125

Non hai problemas con ningunha vía de evacuación agás coa escaleira que baixa do laboratorio onde, en caso de unha ocupación máxima das aulas, non hai ancho suficiente.

#### 4.2.2 PUNTO DE ENCONTRO

O Centro ten dous Puntos de Encontro, en función dos edificios (ver plano no epígrafe 4.4.1):

### **EDIFICIO PRINCIPAL:**

O punto de encontro atópase fronte a porta principal de acceso ao edificio, na parte cuberta que hai debaixo dos laboratorios e no corredor que comunica esta parte cuberta do edificio e vai, entre a zona axardinada, cara o Noroeste ata chegar as escaleiras cara a escaleira que dá ao edificio (ver epígrafe 4.3.1). Este Punto de Encontro atópase dividido por zonas, sinalizadas nas columnas, onde se situarán as persoas que teñan que evacuar o Centro segundo o tipo de persoas. Así:

- **Zona A.** Para o alumnado e profesorado de Electricidade, Electrónica e FP Básica.
- **Zona B.** Para o alumnado e profesorado de Automoción.
- **Zona C.** Para o alumnado e profesorado de Madeira, Fabricación Mecánica e Mecatrónica.
- **Zona D.** Para o alumnado e profesorado de Química, Enerxía e Auga, Formación de Orientación Laboral.
- **Zona E.** Para as visitas e persoal non docente do Centro.

### **EDIFICIO DO PAVILLÓN:**

O punto de encontro atópase fronte a porta de acceso ao edificio, preto da porta de acceso a cafetería, para deixar espazo a axuda externa que poida ser solicitada.

### **IMPORTANTE:**

No momento de detectar unha situación de risco, a Dirección de Emerxencia debe ter claro se a situación esixe ir cara o Punto de Encontro ou si esixe quedar dentro dos edificios, por esta razón recoméndase ler os protocolos de actuación que figuran no epígrafe 6.6. Tamén, se o Punto de Encontro puidera supoñer un risco para as persoas que estean nel ou que puideran ir cara el, a Dirección de Emerxencia é a única persoa que pode establecer outro lugar, seguro, como Punto de Encontro, debendo de facelo e comunicalo a todas as persoas afectadas. Recoméndase que no momento de ordenar a evacuación a Dirección de Emerxencia indique, por megafonía, cara onde establecer o Punto de Encontro.

## **4.3. PLANOS DE SITUACIÓN DOS MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN**

No ANEXO III móstranse as situacións dos medios de protección nos planos PLI-1, PLI-2, PLI-3, PLI-4 e PLI-5.

## **4.4. PLANOS DE PERCORRIDOS DE EVACUACIÓN E ÁREAS DE CONFINAMENTO, REFLECTINDO O NÚMERO DE PERSOAS A EVACUAR OU CONFINAR POR ÁREAS SEGUNDO OS CRITERIOS FIXADOS NA NORMATIVA VIXENTE**

No ANEXO III móstranse os percorridos de evacuación nos planos PE-2, PE-3, PE-4, PE-5 e PE-6 e PE-7. O CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO non ten áreas de confinamento.

#### 4.4.1 PLANO DO PUNTO DE ENCONTRO

No ANEXO III móstranse o plano, PE-1, onde se mostra a situación dos Puntos de Encontro do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO.

#### 4.4.2 PLANO DE SITUACIÓN DOS ELEMENTOS DE DETECCIÓN E ALERTA

No ANEXO III móstranse o plano, PDA-1, onde se mostra a situación da Central de Alarma de Emerxencia.

#### 4.5 PLANOS DE COMPARTIMENTACIÓN DE ÁREAS OU SECTORES DE RISCO.

Conforme a normativa (Código Técnico de Edificación) debería haber 4 áreas de risco diferentes. Non obstante, non hai unha sectorización de áreas, xa que non se encontran delimitadas para poder establecer ditos sectores. Debería de haber 4 áreas de riscos segundo as zonas:

1. Unha zona de riscos que é o edificio principal coa planta soto, a planta baixa.
2. Outra zona de riscos formada polos primeiro e segundos andares onde se atopan as aulas, por enriba da entrada principal ao Centro.
3. A zona de talleres, coas aulas que se atopan neles.
4. O edificio do antigo Pavillón deportivo.

Non obstante, a actual situación está formada por dúas zonas de risco cada unha delas formada polo correspondente edificio: O edificio principal e o edificio do pavillón. No ANEXO III móstrase a situación de cada sector de risco no plano PSR-1.

## **5. PROGRAMA DE MANTEIMIENTO DE INSTALACIONES**

### 55.1 DESCRICIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE RISCO QUE GARANTA O CONTROL DESTAS

O Centro debería de establecer un programa de control periódico das instalacións con obxecto de detectar a existencia de elementos que poidan xerar unha situación de emerxencia, revisarase as áreas de risco seguintes:

- A Sala da caldeira. Deberá estar ordenada e limpa, procurando mantela sen elementos combustibles. Tamén comprobarase que na sala haxa, polo menos, un extintor operativo.  
A sala da caldeira non deben ser un lugar de almacenamento.
- As aulas sempre deben estar limpas e ordenados, e procurárase manter nelas a menor cantidade de elementos combustibles (madeira, papeis, plásticos). Procurárase que os equipos eléctricos estean apagados e desenchufados cando non haxa persoas dentro facendo uso deles.
- A Biblioteca manterá sempre os libros ordenados e colocados no seu lugar nos estantes.
- Os ordenadores deben de ter todo o cableado sen fisuras que permita ver a parte metálica do cable. Non sobrecargar enchufes mediante uso de excesivo número de caixas de conexión. Os equipos informáticos non deberán estar acendidos cando non haxa persoas facendo uso deles. Aqueles que tiveran que estar acendidos, deberase procurar non sobrecargar a tensión da instalación.
- En xeral, o Centro debe manterse limpo e ordenado, debendo de eliminarse os elementos que non se utilicen. Os almacéns deberán estar, tamén, limpos e ordenados e os elementos gardados segundo o seu tipo de material. Na parte baixa das escaleiras, no oco, non debe de almacenarse material combustible.
- Os corredores deben de estar libres de elementos para non dificultar a evacuación. Os ocos das escaleiras deben estar libres de material combustible.
- Preto do Cadro Xeral dos edificios non se almacenará material combustible (papeis, madeira, produtos químicos, etc.), nin sequera de forma provisional.

### 5.2 DESCRICIÓN DO MANTEMENTO PREVENTIVO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN QUE GARANTA A SÚA OPERATIVIDADE.

O mantemento preventivo que ha de levarse a cabo, independentemente do que indique a lexislación vixente, é o que se indica a continuación. Na lista faise mención tanto dos equipos de que dispón o Centro como de aqueles equipos que non ten pero que deberían de ter, pero que son mencionados pola lexislación vixente, por se en algún momento vai a dispoñer deles para mellorar as instalacións:

- Luces de Emerxencia. Revisión semestral do correcto funcionamento das luces de emerxencia.
- Sinalización. Revisión semestral do correcto estado e situación das sinais de emerxencia.
- Edifícios. Revisión, anual, do estado dos edificios. Buscarase a existencia de gretas e calquera outra manifestación que poida ser indicativo dun dano na estrutura. En caso de encontrar algún defecto, comunicárase a Dirección do Centro para buscar unha solución ao problema.

- Portas de emerxencia. Todas as portas de saída de evacuación (ver epígrafe 4.2.5) deben de ser sinalizadas “Salida de emergencia” ou “saída”, segundo corresponda, e deben estar sempre operativas. Nunca deben estar bloqueadas.
- As Vías de Evacuación. Aínda que a revisión se pode facer diariamente alí onde se realiza a actividade docente, polo menos semanalmente, inspeccionarase o estado en que se encontran: Libres de obstáculos e libres de sucidade que poida dar lugar a que o persoal esvare ao pisar.
- Alarmas de Emerxencia. Sería bo facelas soar trimestralmente. Isto debe de facerse cando están no Centro todas as persoas (alumnado, persoal docente e non docente), e avisando de que se vai facer unha proba de son. Este aviso tería as seguintes funcións:
  - Saber que está operativa.
  - Que todas as persoas do Centro coñezan o seu son.
  - Saber que ditas alarmas pódense oír, perfectamente, dende calquera lugar do Centro ou do edificio.

Cada unha destas inspeccións deben de quedar rexistradas en soporte papel, identificando a persoa que a fixo e estampando a súa sinatura no documento. Estes documentos deben de ser gardados pola Dirección do Centro. No ANEXO II propónse unha folla onde rexistrar estas revisións, pero aquelas revisións que se fagan con empresas externas acreditadas deberán quedar rexistradas nas follas que utilicen estas empresas que deben de firmar os técnicos que as fixeron. Todos estes rexistros gardaranse en Administración.

### **5.3 REALIZACIÓN DAS INSPECCIÓNS DE SEGURIDADE DE ACORDO COA NORMATIVA VIXENTE.**

Conforme á normativa vixente, periodicamente será necesario facer un conxunto de revisión tanto dos equipos de emerxencia como en todos aqueles aspectos que condicionen e incidan na seguridade do Centro.

#### **5.3.1 INSPECCIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA**

Conforme a normativa vixente, Real Decreto 513/2017, do 22 de maio, e as normas UNE que se indican en dito Real Decreto, e xa que o Centro ten mais de 2.000 m<sup>2</sup> construídos, é necesario realizar as seguintes inspeccións dos equipos. Inclúese unha relación dos equipos existentes e os que se propoñerán, epígrafe 8.6, aínda que non existan no Centro no momento de redactar este Plan de Autoprotección. Hai dous tipos de inspeccións:

- As que poden ser feitas polo persoal especializado dos fabricantes dos equipos ou polo persoal especializado do usuario ou titular da instalación.
- As que poden ser feitas por persoal especializado dos fabricantes dos equipos ou por persoal de unha empresa mantedora conforme se define esta no Real Decreto 513/2017 do 22 de maio.

- As que se poden facer por persoal especializado do fabricante dos equipos, por persoal dunha empresa mantedora, ou ben, por o persoal especializado do usuario ou titular da instalación

Todas estas inspeccións deben de quedar rexistradas en soporte papel, identificando a persoa que as realizou e estampando a súa sinatura no documento. Débese de indicar o resultado da inspección por cada un dos equipos indicados. Estes documentos deben de ser gardados pola Dirección do Centro.

### **5.3.1.1 INSPECCIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA QUE PODEN SER FEITAS POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DOS FABRICANTES DOS EQUIPOS OU POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DO USUARIO OU TITULAR DA INSTALACIÓN**

Estas inspeccións poden ser de carácter trimestral e semestral

#### **PROGRAMA TRIMESTRAL:**

##### **SISTEMA DE DETECCIÓN E ALARMA DE INCENDIOS**

###### **Dispositivos para a activación manual da alarma:**

Comprobación da sinalización do pulsador de alarma manual.

##### **EXTINTORES DE INCENDIOS**

- Que os extintores están no seu lugar asignado e que non presentan evidencias aparentes de danos.
- Que son adecuados conforme o risco a protexer.
- Que non teñen o acceso obstruído, son visibles ou están sinalizados e teñen as súas instrucións de manexo na parte dianteira
- Que as instrucións de manexo son lexibles.
- Que o indicador de presión se encontra na zona de operación
- Que as partes metálicas (boquillas, válvula, manguera,... )están en bo estado.
- Que non faltan nin están rotos os precintos ou os tapóns indicadores de utilización.
- Que non foron descargados total ou parcialmente.

#### **PROGRAMA SEMESTRAL:**

##### **SISTEMA DE DETECCIÓN E ALARMA DE INCENDIOS**

###### **Dispositivos para a activación manual da alarma:**

- Verificar a situación, identificación, visibilidade e accesibilidade do pulsador.

### **5.3.1.2 INSPECCIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA QUE PODEN SER FEITAS POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DOS FABRICANTES DOS EQUIPOS OU POR PERSOAL DE UNHA EMPRESA MANTEDORA CONFORME SE DEFINE ESTA NO REAL DECRETO 513/2017 DO 22 DE MAIO**

Estas inspeccións poden ser anuais ou quinquenais. A saber:

#### **PROGRAMA ANUAL:**

##### **SISTEMA DE DETECCIÓN E ALARMA DE INCENDIOS**

###### **Dispositivos para a activación manual da alarma:**

- Proba de funcionamento do pulsador manual.

##### **EXTINTORES DE INCENDIOS**

- Realizar as operacións de mantemento segundo o establecido no “Programa de Mantemento Anual” da norma UNE 23120.

#### **PROGRAMA QUINQUENAL:**

##### **EXTINTORES DE INCENDIOS**

- Realizar unha proba de nivel C (timbrado), de acordo co establecido no anexo III, do Regulamento de Equipos a Presión aprobado polo Real Decreto 809/2021, do 9 de setembro.
- A partir da data de timbrado do extintor (e por tres veces) procederase ó retimbrado do mesmo de acordo co establecido no anexo III do Regulamento de Equipos a Presión.

### **5.3.1.3 INSPECCIÓN DOS EQUIPOS DE EMERXENCIA QUE PODEN SER FEITAS POLO PERSOAL ESPECIALIZADO DOS FABRICANTES DOS EQUIPOS OU POR PERSOAL DE UNHA EMPRESA MANTEDORA CONFORME SE DEFINE ESTA NO REAL DECRETO 513/2017 DO 22 DE MAIO, OU BEN, POR PERSOAL ESPECIALIZADO DO USUARIO OU TITULAR DA INSTALACIÓN**

Estas inspeccións só se poden facer sobre sistema de sinalización luminescente que estea instalado no Centro. É unha inspección que debe facerse anualmente. A saber:

- Comprobar, visualmente, a existencia do sistema de sinalización, a súa correcta situación e o bo estado en canto a limpeza, lexibilidade e iluminación (na escuridade) das sinais, balizamento e planos de evacuación.
- Verificación do estado dos elementos de subxección (ancoraxes, variñas, angulares, parafusos, adhesivos etc.).

### **5.3.2 INSPECCIÓN DE ELEMENTOS QUE INCIDEN NA SEGURIDADE**

Varios son os equipos de que poden xerar unha situación de risco e que están sometidos ás inspeccións que indica a súa correspondente lexislación, e conforme se indica na lexislación, a través dunha ENAC. Entre elas hai que citar:

- Cadros eléctricos revisaranse e manteranse en bo estado de funcionamento conforme a lexislación de baixa tensión vixente. As operacións de mantemento por persoal con formación acreditada para facelo, e as inspeccións realizaranse por empresas autorizadas conforme o Real Decreto 842/2002, do 2 de Agosto, sobre Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión.
- As instalacións térmicas serán obxecto de mantemento por organismo autorizado segundo o indicado no Regulamento de Instalacións Térmicas en edificios, segundo o Real Decreto 1027/2007, do 20 de Xulio.
- Inspección dos equipos e instalacións de loita contra incendios conforme o Real Decreto 513/2017, do 22 de maio.
- Sinalizar as vías de evacuación e saídas conforme a normativa legal vixente e a norma UNE vixente en cada momento.
- Real Decreto 809/2021, do 9 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de equipamentos de presión e as súas instrucións técnicas complementarias.

### 5.3.3 TÁBOAS RESUMEN PARE EMPREGAR NOS CONTROIS DE SEGURIDADE

A continuación móstranse diversos modelos de táboas cos que programar e facer os controis dos elementos que inciden na seguridade.

**TÁBOA I: OPERACIÓNS A REALIZAR POR PERSOAL TITULAR DA INSTALACIÓN**

Equipo ou sistema	MES	TRES MESES	SEIS MESES	ANO
Sistema de automáticos de detección e alarma de incendios		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobación do funcionamento das instalacións con cada unha das fontes de subministración eléctrica.</li> <li>- Substitución de pilotos, fusibles, etc, defectuosos.</li> <li>- Mantemento de batería de equipos (limpeza de borne, reposición de auga destilada, etc.)</li> <li>- Comprobar o funcionamento dos avisadores luminosos e acústicos.</li> <li>- Revisión de indicacións luminosas de alarma, avaría, desconexión e información da central.</li> </ul>	<p>Verificación da identificación, visibilidade, accesibilidade e o estado dos pulsadores (fixación, limpeza, corrosión).</p>	
Sistema manual de alarma de incendios		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobación do funcionamento das instalacións (con cada unha das fontes de subministración).</li> <li>- Mantemento de acumuladores (limpeza de bornes, reposición de auga destilada, etc.)</li> </ul>		

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Equipo ou sistema	MES	TRES MESES	SEIS MESES	ANO
Extintores de Incendios		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobación da accesibilidade, sinalización, bo estado aparente de conservación.</li> <li>- Inspección ocular de seguros, precintos, inscricións, etc.</li> <li>- Comprobación do peso e presión no seu caso.</li> <li>- Inspección ocular do estado externo das partes mecánicas (boquilla, válvulas, manguera, etc.)</li> <li>- Verificar que non teñen o acceso obstruído, son visibles ou están sinalizadas e teñen as súas instrucións de manexo na parte dianteira.</li> <li>- Comprobar que as instrucións de manexo son</li> </ul>		
Bocas de Incendio Equipadas (BIE)		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprobación accesibilidade e sinalización dos equipos.</li> <li>- Comprobación por inspección de todos os compoñentes, procedendo a desenrolar a manguera en toda a súa extensión e accionamento da boquilla, caso de ser de varias posicións.</li> <li>- Comprobación, por lectura do manómetro, da presión de servizo.</li> <li>- Limpeza do conxunto e engraxe de péchese e</li> </ul>		
Iluminación de Emerxencia		<ul style="list-style-type: none"> <li>- Revisión funcionamento xeral.</li> <li>- Revisión e estado dos pilotos das lámpadas.</li> <li>- Estado baterías (mostraxe).</li> <li>- Posta a terra.</li> </ul>		Limpeza de pantalla e luminaria.

TÁBOA II: OPERACIÓNS A REALIZAR POR PERSOAL DA EMPRESA INSTALADORA OU MANTEDORA

Equipo ou sistema	ANO	CINCO ANOS
Sistemas automáticos de detección e alarma de incendios	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Verificación integral da Instalación.</li> <li>- Limpeza do equipo de centrais e accesorios.</li> <li>- Verificación de unións roscadas ó soldadas.</li> <li>- Limpeza e regraxe de revés</li> <li>- Regulación de tensións e intensidades.</li> <li>- Verificación dos equipos de transmisión de alarma.</li> <li>- Proba final da instalación con cada unha das fontes de subministración eléctrica.</li> </ul>	
Sistema manual de alarma de incendios.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Verificación integral da Instalación.</li> <li>- Limpeza dos seus compoñentes.</li> <li>- Verificación de unións roscadas ó soldadas.</li> <li>- Proba final da instalación con cada unha das fontes de subministración eléctrica.</li> </ul>	

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

<p>Extintores de incendio.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Verificación do estado de carga (peso e presión) do extintor e, en caso de extintores de po con botello de gas impulsor, estado do axente extintor.</li> <li>- Comprobación presión impulsora do axente extintor</li> <li>- Inspección ocular do estado da manguera, boquilla ou lanza, válvulas e partes mecánicas.</li> </ul> <p><u>Nota:</u> Nesta revisión anual non será necesaria a apertura dos extintores portátiles de po con presión permanente, salvo que nas comprobacións que se citan observáronse anomalías que o xustifique.</p> <p>No caso de apertura do exterior, a empresa mantedora situará no exterior do mesmo un sistema indicativo que acredite que se realizou a revisión interior do aparello. Como exemplo de sistema indicativo de que se realizou a apertura e revisión interior do extintor, pódese utilizar unha etiqueta indeleble, no colo da botella antes do peche do extintor e que non poida ser retirada sen que se produza a destrución ou deterioración da mesma.</p>	<p>A partir da data de timbrado do extintor ( e por tres veces) procederase ao retimbrado do mesmo, de acordo coa ITC-MIE-AP5 do Regulamento de aparellos a presión sobre extintores de incendio.</p>
<p>Bocas de incendio equipadas (BIE)</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desmorte da manguera e ensaio desta en lugar adecuado.</li> <li>- Comprobación do correcto funcionamento da boquilla nas súas distintas posicións e do sistema de peche.</li> <li>- Comprobación da estanquidade dos racores e a manguera, así como do estado das xuntas.</li> <li>- Comprobación da indicación de manómetro con outra referencia (patrón) axustado no racor de conexión da manguera.</li> </ul>	<p>A manguera debe ser sometida a unha presión de proba de 15 KG/cm<sup>2</sup>.</p>

A continuación propóñense modelos de táboas para configurar o Caderno de Mantemento e inspeccións (5 táboas) Cada unha das 5 táboas que se mostran poden ter as dimensións que desexe a Dirección deste Plan de Autoprotección:

Caderno de mantemento e inspeccións (1/5)

MANTEMENTO E INSPECCIÓN DE EXTINTORES

LOCALIZACIÓN	IDENTIFICACIÓN	MARCA	TIPO	ULTIMA REVISIÓN ANUAL	ULTIMA REVISIÓN TRIMESTRAL	OBSERVACIÓN

Caderno de mantemento e inspeccións (2/5)

MANTEMENTO E INSPECCIÓN DE BOCAS DE INCENDIO EQUIPADAS ( BIE´s)

LOCALIZACIÓN	IDENTIFICACIÓN	MARCA	TIPO	ULTIMA REVISIÓN ANUAL	ULTIMA REVISIÓN TRIMESTRAL	OBSERVACIÓN

Caderno de mantemento e inspeccións (3/5)

MANTEMENTO E INSPECCIÓN DE ILUMINACIÓN DE EMERXENCIA

LOCALIZACIÓN	IDENTIFICACIÓN	MARCA	TIPO	ULTIMA REVISIÓN ANUAL	ULTIMA REVISIÓN TRIMESTRAL	OBSERVACIÓN

Caderno de mantemento e inspeccións (4/5)

MANTEMENTO E INSPECCIÓN DE SISTEMAS DE DETECCIÓN

LOCALIZACIÓN	IDENTIFICACIÓN	MARCA	TIPO	ULTIMA REVISIÓN ANUAL	ULTIMA REVISIÓN TRIMESTRAL	OBSERVACIÓN

Caderno de mantemento e inspeccións (5/5)

MANTEMENTO E INSPECCIÓN DE SISTEMA MANUAIS DE ALARMA

LOCALIZACIÓN	IDENTIFICACIÓN	MARCA	TIPO	ULTIMA REVISIÓN ANUAL	ULTIMA REVISIÓN TRIMESTRAL	OBSERVACIÓN

## **6. PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS**

## 6.1. IDENTIFICACIÓN E CLASIFICACIÓN DAS EMERXENCIAS

As emerxencias poden clasificarse en función da gravidade, do tipo de risco e en función da ocupación e medios humanos.

**Clasificación pola súa gravidade.** Podemos clasificar este tipo de emerxencias en:

- Conato de emerxencia.
- Emerxencia Parcial.
- Emerxencia Xeral.

### **CONATO DE EMERXENCIA:**

É o accidente que pode ser controlado e dominado de forma sinxela e rápida polo persoal do Centro, área ou sección. Inicialmente, esta situación non é comprometida nin para as persoas nin para os bens.

### **EMERXENCIA PARCIAL:**

Esta emerxencia está orixinado por un accidente que para ser controlado require a actuación do equipo de intervención de emerxencia do Centro. Os efectos da emerxencia parcial quedarán limitados a unha zona do Centro. Pode implicar unha evacuación parcial da zona afectada. Esta situación implica que unha parte das persoas do Centro están en situación de risco.

### **EMERXENCIA XERAL:**

Esta emerxencia está causada por un accidente que pode poñer en perigo a todas, ou unha parte importante, as persoas que están no Centro. Este tipo de emerxencia precisa da actuación de todos os equipos e medios de protección do Centro, mesmo contando coa axuda externa para combatelo. Este tipo de emerxencia comportará a evacuación total de todas as persoas que estean presente no Centro, xa que supón un risco para a maior parte das persoas presentes.

**Clasificación polo tipo de risco.** Podemos clasificar as emerxencias en:

- Emerxencias de tipo técnico
- Emerxencias de tipo natural
- Emerxencias causadas por persoas.

### **EMERXENCIAS DE TIPO TÉCNICO:**

Teñen orixe nos equipos e instalación do Centro (cadros eléctricos, caldeiras, equipos electrónicos) que poden causar un lume dentro dos edificios e, tamén, poden vir acompañados de explosións no caso das caldeiras e do tanque de gasóleo.

**EMERXENCIAS DE TIPO NATURAL:**

Teñen orixe nos fenómenos meteorolóxicos, por exemplo os raios, ventos, terremotos e choiva. Poden causar un lume, destrución dos bens do Centro, inundacións, aínda que esta última posibilidade e baixa xa que os edificios están nun terreo con unha forte pendente. Tamén poden causar un lume na vexetación que rodea o Centro e pode afectar non só coas chamas senón, tamén, co fume. Os ventos poden afectar ao edificio ou xerar caída dos árbores que hai arredor do Centro.

**EMERXENCIAS CAUSADAS POR PERSOAS:**

As persoas poden causar danos nos bens e as persoas do Centro mediante ameazas reais ou ficticias (presenza de bombas), actos delituoso (xerando un lume non so dentro dos edificios, na vexetación que hai arredor).

**Clasificación en función da ocupación e medios humanos.** Podemos clasificar as emerxencias en:

- Diúrna
- Nocturna
- Vacacións

**DIÚRNA**

Pode ser a mais normal, aínda que no horario de mañá hai moita mais persoas nos edificios que nos horarios de tarde.

**NOCTURNA**

O Centro permanece pechado, polo que non hai que esperar situacións de risco xa que os elementos que os poden causar deberían estar apagados. Podería haber riscos para os bens do Centro pola presenza de persoas alleas causando actos delituosos.

**VACACIONS**

O Centro pode permanecer pechado, polo que sería unha situación similar no caso da clasificación NOCTURNA.

## 6.2. PROCEDIMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

O obxecto deste plan de autoprotección é a definición das secuencias das accións a desenvolver para o control inicial das emerxencias que poidan producirse, co coñecemento das respostas a que deben ser atendidas as seguintes preguntas:

¿Qué se fará?; ¿Quén o fará?; ¿Cándo, cómo e ónde?

Planificando para iso a organización humana cos medios necesarios que posibilitan este fin.

As distintas emerxencias requirirán a intervención de persoas e medios para garantir en todo momento a posta a salvo das persoas:

- A alerta, que da forma máis rápida posible poñerá en acción aos equipos do persoal de primeira intervención.
- A alarma para a evacuación dos ocupantes.
- A intervención para o control de emerxencias.
- O apoio para a recepción e información aos servizos de axuda exterior.

O Plan de Autoprotección é a planificación humana para a utilización óptima dos medios técnicos provistos en caso de emerxencia, coa finalidade de reducir ao máximo as súas posibles consecuencias humanas, económicas e ambientais. Neste Plan de Autoprotección indícanse como actuar, de forma xeral, ante calquera dos sinistros antes identificados e como realizar unha evacuación


**O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN ACTÍVASE CANDO O DIRECTOR/RA DO CENTRO O  
PON EN MARCHA.**

### 6.2.1 ACCIÓNS ANTE UNHA EMERXENCIA NO EDIFICIO PRINCIPAL:

1. Cando calquera persoa do Centro detecta unha situación de risco (incendio, inundación, entrada de persoas estrañas, etc.), debe de avisar inmediatamente, a través o posto de mando na Conserxería do Centro, e sen poñerse en situación de risco, á Dirección do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO. **NUNCA DEBE DE ACTUAR, POÑENDO EN PERIGO A SÚA VIDA, CONTRA A SITUACIÓN DE RISCO.** Ao informar a Dirección indicará:
  - a. Lugar onde detectou a incidencia
  - b. Describirá, de forma sucinta, a incidencia.

Sen poñerse en situación de risco, avisará o profesor/ra mais próximo o lugar e, mentres non veña a Dirección do Centro tratarán de controlar a situación non permitindo que ninguén se aproxime. Se o risco fora fácil de controlar, por exemplo un lume, actuarase conforme se indica no epígrafe 6.5 “PASOS A SEGUIR PARA A EXTINCIÓN DO LUME”.

- Se a situación de risco estivera na aula, sacarase ao alumnado da aula e sen facer ruído irán cara a conserxaría. Na conserxaría esperarán instrucións da Dirección do Centro.
2. A Dirección do Centro indicará ao Grupo de Comunicacions que avise a Xefatura de Estudos e ao Secretario ou Secretaria do Centro que comparezan no lugar onde lle informaron que existía a incidencia. Alí, as tres persoas:
    - a. Avaliarán se tratase dunha falsa alarma, ou clasificarán a incidencia en calquera dos grupos (conato, emerxencia parcial ou xeral)
    - b. Se é unha falsa alarma restablecerase a normalidade e rexistrárase a súa existencia.
    - c. Se se trata dun conato de emerxencia e este pode ser reducido cos medios existentes na zona, procederase a iso e restablecerase a normalidade.
    - d. Se a emerxencia non pode ser reducida en breves momentos, O Director/ra do Centro DECLARARÁ A SITUACIÓN DE EMERXENCIA e mandará activar a alarma xeral, que implicará as etapas seguintes.
    - e. Se é necesario chamar axuda externa. En caso afirmativo debe dar instrucións para que se faga. A Dirección antes de declarar a emerxencia valorará se hai que saír ou non do edificio.
  3. Se hai que abandonar o edificio (ver epígrafe 6.5) e dirixirse a lugar seguro, usaranse as vías de evacuación establecidas, por onde sacar a todo o persoal da forma máis segura cara ao Punto de Encontro (ver figura 1). Se non fose posible evacuar o edificio permanecerase na aula, en función dos protocolos de actuación que se indican no epígrafe 6.5 do Plan de Autoprotección do Centro.
  4. A Xefatura de Evacuación avisará utilizando os megáfonos de que se procederá á evacuación e as vías a utilizar mas axeitadas, se as establecidas neste Plan de Autoprotección non estiveran operativas. Tamén indicará que profesorado estará en cada corredor para dirixir ao alumnado cara a saída do edificio. Nunca levalos preto das zonas afectadas polo elemento de risco que xerou a emerxencia.
  5. Acciónase a alarma de emerxencia. É conveniente que a alarma non se apague ata que se dá por finalizada a situación de emerxencia.
  6. Antes de saír das aulas, cada profesor/ra fará as seguintes accións:
    - a. Preguntarase se saíu algún alumno ou alumna?, para saber se alguén non está na aula.
    - b. Unha vez que saíron todos, o profesor ou profesora revisará que non quede ninguén na aula. Finalizada esta operación, pechará a porta do aula.
    - c. Se non hai suficientes profesores/as procederase da seguinte maneira:
      - i. O mais preto da saída do corredor, despois de sacar o seu alumnado, poñerase na zona de saída do seu corredor dirixindo os outro alumnado dos outros profesores.
      - ii. Todo o profesorado, antes de saír cara o Punto de Encontro, revisará a súa aula e a seguinte, do seu lado, e na dirección de evacuación, pechando despois as portas.



**Figura 1.- Punto de Encuentro. Situación y distribución de alumnado y profesorado**

- d. Sacará ao alumnado seguindo as vías de evacuación, levarase a cada a todo persoal cara ao Punto de Encontro. Comunicará á Xefatura de Evacuación se algún alumno ou alumna non estaba na aula, e onde debería de estar.
- e. Se houbera unha persoa con discapacidade, o alumnado da aula debe axudar a sacar a dita persoa da Aula. Se fora necesario utilizar o ascensor habilitado na planta primeira, preto das aulas 19-24, o resto das persoas desviaranse cara a escaleira de saída que hai preto da Aula.
- f. Terase en conta os protocolos de actuación reflectidos no epígrafe 6.5 do Plan de Autoprotección do Centro.

A condición a considerar para realizar a marcha é **"SEN PRÉSA PERO SEN PAUSA"**.

- 7. No Punto de Encontro. Separaranse os grupos por aulas, cada un na súa zona (ver figura 1), e procederase ao reconto do persoal. Mellor pasando lista.
- 8. Tanto se falta alguén coma se están todos no punto de encontro, cada profesor ou profesora informará a Xefatura de Evacuación da súa correspondente situación no Punto de Encontro o máis rápido posible.
- 9. A Xefatura de Evacuación informará desta situación a Dirección de Emerxencia.
- 10. Se alguén tivese quedado sen evacuar. A Dirección de Emerxencia consultaría coas xefaturas de evacuación e intervención a posibilidade de organizar un rescate. Neste caso terase en conta que:

**A VIDA DUN COLECTIVO DEBE DE PRIMAR SOBRE A INDIVIDUAL.**

Verase se con axuda dos membros do equipo de intervención, un grupo de evacuación pode rescatar a persoa atrapada.

11. A Dirección de Emerxencia consultará coa Xefatura de Intervención a posibilidade de actuar contra a incidencia cos medios propios ou de solicitar axuda externa. En caso de solicitar a axuda externa, xa sexa a propia Dirección de Emerxencia ou o Grupo de Comunicación serán quen faga a chamada ao teléfono de emerxencia 112.
12. Durante o tempo que dure a emerxencia, TODO o persoal debe de estar situado e localizado no Punto de Encontro. Só o Equipo de Intervención pode estar, co seu Xefe de Intervención, preto da zona sinistrada e sen risco para a súa vida

**6.2.2 ACCIÓNS ANTE UNHA EMERXENCIA NO EDIFICIO DO PAVILLÓN:**

1. Cando unha persoa detecta unha situación de risco neste edificio, deberá de comunicalo ao profesor ou profesora que estea na aula mais preto de dito risco.
2. O profesor ou profesora avisará aos demais profesores presentes no edificio. Ordenandolles evacualo.
3. Todo o profesorado co seu respectivo alumnado irá cara o Punto de Encontro, do mesmo xeito que se indicou no punto 6 do epígrafe 6.2.1, anterior.
4. No Punto de Encontro o profesorado fará reconto do alumnado que tiña na aula e comprobará que todos eles evacuaron o edificio.
5. O profesor ou profesora que deu a alarma indicará a un alumno ou alumna ou a outro profesor (despois de que este cumprimentara o punto anterior) que vaia a notificar a situación de emerxencia a Dirección do Centro.

**6.2.3 PROTOCOLO DE CONFINAMIENTO E DE ACTUACIÓN NO CASO DE EXISTIR ALGUNHA PERSOA CON INCAPACIDADE PARA PODER EVACUAR OS EDIFICIOS.**

O confinamento é unha técnica que permite protexer a unha persoa ou grupo de persoas, que non pode evacuar cara o Punto de Encontro. Para iso se leva a dita persoa a un punto (aula, sala, ..... ) afastado do elemento de risco. Debendo de permanecer en dito lugar ata que sexan rescatados ou ata que se teña controlada a situación de risco. Para iso:

- 1º.- A Dirección de Evacuación, coa autorización da Dirección de Emerxencia, mandará que as persoas se dirixan para a zona (corredor, lado, aula,.....). As persoas deben ir co profesor ou profesora que estivera con eles previamente.

No caso de que fora algunha persoa con discapacidade, dita persoa ha de estar sempre acompañada dalgún profesor ou profesora.

2º.- As persoas quedarán dentro dunha sala o aula, coa porta pechada. Neste caso:

- a. En canto chegue a axuda externa, avisarase, inmediatamente, a persoa o cargo deste grupo de axuda externa, da situación onde se atopan as persoas na aula.
- b. Procederase a súa evacuación de forma inmediata xa sexa polos corredores ou por unha fiestra no caso de recibir a axuda dos bombeiros.

No epígrafe 6.6 deste Plan de Autoprotección, indícanse algunhas pautas de carácter xeral a considerar segundo as situacións de emerxencia. Deben ser coñecidas polas persoas que forman parte do organigrama de emerxencia (epígrafe 4.1.1, TÁBOA I) para darlles uns criterios de actuación.

### **6.3. IDENTIFICACIÓN E FUNCIÓNS DAS PERSOAS E EQUIPOS QUE LEVARÁN A CABO OS PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN EN EMERXENCIAS**

O persoal docente dos centros escolares da Xunta de Galicia, como o é o CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO, non sempre é estable nun centro de traballo, xa que adoitan concursar para outros centros. Por iso, e para facer do presente Plan un documento operativo non se indica, a continuación o nome das persoas que compoñen a Dirección dos equipos mencionados no Plan de Autoprotección e se se fai nunha folla adxunta (antes de iniciarse o epígrafe 4.1), que será modificada e posta ao día pola Dirección do Centro.

#### **DIRECTOR DE EMERXENCIA.**

A persoa que sea Xefe de Emerxencia será a MÁXIMA autoridade no Centro, hasta que de por finalizado a situación de emerxencia, cousa que será ela que declare esta situación.

1. Avaliar as condicións de emerxencia.
2. Obter a información necesaria para dirixir as condicións que se han de iniciar de acordo cos procedementos de emerxencia.
3. Velará pola seguridade das persoas que estean na localización e polo medio.
4. Establecerá o seu Posto de Mando no Centro de Comunicacions de Emerxencias, que estará na Conserxería (se esta zona non está afectada por o elemento de risco) o nas proximidades.
5. Reunirá a maior cantidade de información da emerxencia, con obxeto de tomar as decisións axeitadas.
6. Correspondelle decidir se a situación de emerxencia cambia de nivel ou non.
7. Manterá, sempre, contacto cos Xefes de Evacuación e Intervención.
8. Avisará, ou mandará avisar, a Organismos de Axuda Externa, chamará o teléfono 112. Se chama él dirá:

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

- ✓ QUÉN chama.
- ✓ ONDE se está producindo a situación de emerxencia (INSTITUTO CIFP POLITECNICO DE SANTIAGO, Conxo, Santiago de Compostela).
- ✓ QUÉ está sucedendo.

O Director de Emerxencia será:

1. O Director/ra do Centro CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO
2. En caso de non se achar presente, substituiralle o Subdirector/ra do Centro
3. De non estar os anteriores no centro será substituído polo Secretario/a do Centro.
4. De non se encontrar no Centro ningún dos anteriores, será o Xefe/a de Estudos
5. E se non atoparse ningún dos anteriores, será a persoa Conserxe.

A persoa que ocupe o cargo de Director de Emerxencia, está encargada de:

**XEFE DE INTERVENCIÓN**

O Xefe de Intervención será a encargado de:

1. Avaliación periódica dos equipos de que dispón o Centro, debendo ser responsable de promover as accións necesarias para a reposición dos equipos anticuados ou a reparación dos que se encontren fose de servizo. Tamén debe chamar inmediatamente a atención do Director do Centro sobre calquera situación que poida reducir a eficacia das operacións de loita contra o lume.
2. Adoptar os plans de acción para enfrontarse con posibles situacións de incendio.
3. Dirixir o Equipo de Intervención.
4. Revisión periódica da composición do equipo de intervención, preparando informes para o nomeamento de novos membros, co fin de manter a súa dotación dentro dos niveis establecidos.
5. Preparar un plan para a formación dos equipos de Intervención e para o resto dos empregados.
6. Informar os ocupantes do centro: si a súa obriga en caso de alarma é, única e exclusiva, a de realizar a evacuación.
7. Asegurarse de que as portas de acceso ao Centro, para que poidan entrar os servizos de emerxencia, estean abertas.
8. Nomear persoal que dirixirá o tráfico de persoas e vehículos, para que non se produzan altercados, durante o desenvolvemento do plan de Emerxencia e Evacuación.

O Xefe de Intervención será:

1. O subdirector/ra do Centro.
2. De non atoparse os anteriores será o profesor/ra de garda.
3. De non se encontrar ningunha das anteriores presente, será a o Conserxe.

**XEFE DE EVACUACIÓN**

O Xefe de Evacuación é a persoa que organizará os equipos de evacuación, para cando reciba a orde do Director de Emerxencia, para poñer a salvo de todo o persoal que ha de evacuar xa sexa unha zona determinada, ou todo o Centro. Nas súas funcións está

1. Organizar os grupos para dirixir ao persoal a evacuar polas saídas de emerxencia adecuadas, segundo o tipo e lugar onde se produza a emerxencia.
2. Debe de dispoñer dun listado con todo o persoal e alumnos/as que estaba no Centro antes de producirse a emerxencia. Este listado pode telo preparado ou recibilo da Conserxería.
3. Organizar o Grupo de Punto de Encontro para poder localizar as posibles persoas que non evacuaron a zona cando deberían telo feito. Deberá de repartir as follas recibidas do Servizo de Seguridade e Vixilancia entre os membros do Grupo de Punto de Encontro.
4. Organizar, logo de aviso ao Xefe de Emerxencia, o equipo de rescate de feridos ou de persoas que se perdesen.

Os medios cos que conta son o Equipo de Evacuación, e o Grupo de Punto de Encontro.

A persoa que ostente a Xefatura de Evacuación será:

1. A persoa que sexa o Xefe/a de Estudos.
2. En caso de non se encontrar presente no Centro, substituíralle a persoa que sexa Subdirector/ra do Centro, sempre que non esté actuando como Xefe de Intervención.
3. En ausencia de ambas as dúas, serao a que sexa Director de Emerxencia.
4. Na ausencia dos anteriores, será o Conserxe.

**EQUIPOS DE EMERXENCIA**

Debido á complexidade que pode supoñer controlar persoas de curta idade, a actuación dos equipos estará dirixida pola seguinte orde de prioridades:

1. POÑER A SALVO A TODAS AS PERSOAS.
2. CONTROLAR A TODAS AS PERSOAS QUE DEBEN DE ESTAR NO PUNTO DE ENCONTRO.
3. SEN ARRISCAR A VIDA, ACTUAR CONTRA O ELEMENTO QUE XEROU A EMERXENCIA.

**EQUIPO DE INTERVENCIÓN**

Debido á posible necesidade de manexar a BIE do centro, e debido á presión da auga, este equipo estará composto, preferiblemente, polo persoal docente masculino. A súa actuación iniciarase unha vez asegurados os dous primeiros puntos indicados anteriormente. A súa actuación levarase a cabo baixo as instrucións da Xefatura de Intervención.

Este equipo, que se encontrará no Punto de Encontro no momento de necesitarse.

Unha vez que sexa chamada a súa atención, sobre a posible situación de emerxencia, o equipo debe, seguindo as instrucións do seu mando:

1. O equipo de Intervención, asegúrase de que a alarma fose activada, por medio dos interruptores.
2. Asegurar que todas as portas e barreiras exteriores que permiten o acceso de axuda externa (bombeiros, ambulancias, etc. ) queden abertas.
3. Se fora necesario, cortar a subministración de enerxía eléctrica na zona afectada pola emerxencia, e se fora preciso tamén de todo o Centro.
4. En todos os casos, illar os elementos combustibles existentes no Centro do posible foco de incendio, para que non se propague o lume.
5. No caso dos extintores móbiles, unha vez descargados téñense que deixar no chan e non os colocar no seu lugar de orixe, para que se unha vez usados se proceda á súa recarga.
6. Dar soporte ao Equipo de Evacuación, por se ten que rescatar algunha persoa.
  7. Se houbera que solicitar axuda externa, deberá cooperar cos medios exteriores de axuda.

**OS MEMBROS DO EQUIPO DE INTERVENCIÓN SON OS ÚNICOS AUTORIZADOS A ESTAR NA ZONA DO SINISTRO, XUNTO COS SEUS MANDOS.**

Neste equipo non se poderá aceptar persoas con doenzas cardíacas, respiratorias ou da columna vertebral, nin con deficiencias na vista ou no oído. Así mesmo débeseles de esixir a fortaleza suficiente como para non ser desprazados pola presión dentro das mangueriras contraincendios.

**EQUIPO DE EVACUACIÓN**

Este equipo estará formado polo profesorado existente na aula no momento de declararse a emerxencia.

Entre as funcións principais dos equipos de Evacuación, cabe destacar, e seguindo as instrucións do Xefe de Evacuación:

1. A comprobación de que as saídas, son practicables.
2. A selección das vías de evacuación.
3. A regulación do tráfico de persoas.
4. A busca de persoas desaparecidas.
5. A comprobación de que todos os ocupantes abandonaron a zona.
6. A organización da volta ao edificio unha vez restablecidas as condicións de seguridade.

A DECISIÓN MÁIS IMPORTANTE, É A RELATIVA ao MOMENTO DA EVACUACIÓN, por iso débese recordar:

**"EN CASO DE DÚBIDA, O EDIFICIO DEBE EVACUARSE SEMPRE".**

Para o desempeño destas funcións o persoal que forme parte destes equipos debe de:

- Coñecer os sinais de evacuación e as vías de saída que deben seguir.
- Saber desconectar todos os equipos inmediatamente despois de oír o sinal de alarma. E recoller o listado do alumnado presente na súa aula.
- Presentarse no punto de encontro sinalado con todas as persoas a evacuar existente nas súas aulas.
- No Punto de Encontro, e unha vez reunidos todos os presentes na súa aula, deben pasar lista, recibirán esta lista da Xefatura de Evacuación a quen previamente ya entregará o Equipo de Comunicacións para asegurarse de que todos se encontras a salvo no Punto de Encontro (alumnado + profesorado + visitas).
- Se se detectase a ausencia dalgunha persoa no Punto de Encontro, comunicarase este feito ao Xefe/a de Evacuación.

En todo o Centro se estableceron as vías de evacuación principais e secundarias, polo que é fundamental o coñecemento destas por parte dos equipos de emerxencia para que no seu caso se apliquen.

Os equipos de Evacuación poñeranse en marcha, unha vez que o Xefe/a de Evacuación, así o estime oportuno xa que lles indicará:

- a.) A posta en marcha do plan.
- b.) A situación onde se desenvolveu o sinistro.
- c.) As vías máis recomendables para efectuar a saída.

### **GRUPO DE COMUNICACIÓN**

A necesidade deste grupo xorde por se a Dirección de Emerxencia non pode realizar as chamadas de axuda exterior.

A persoa deste grupo debe de ser a que se atopa no Conserxería do Centro, ou na súa ausencia quen designe a Dirección de Emerxencia.

Terá á súa disposición un listado cos números de teléfono das entidades externas que poidan ser chamadas e que figuran no Anexo I deste Plan de Autoprotección. Tamén terá a súa disposición un listado de todo o alumnado, clasificado por aulas ou cursos, e dos profesores e outro listado coas visitas presentes no Centro. Cando se declare a emerxencia dará este listado a persoa responsable do Grupo de Evacuación.

### **6.4 IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA POSTA EN MARCHA DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS**

A persoa responsable de activar o Plan de Autoprotección do CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO é a persoa que ocupe o cargo de Director ou Directora do Centro que, ademais, é a Dirección de Emerxencia. Na súa ausencia será o Subdirector ou Subdirectora do Centro, e na ausencia destes será o Secretario ou Secretaria do Centro. Na ausencia dos anteriores será a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.

## 6.5 PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN

A continuación indícanse algúns protocolos de actuación ante casos de emerxencia. Débese de ter en conta que estes protocolos teñen carácter xeral e, polo tanto, o seu contido é de carácter xeral e a súa aplicación debe de facerse despois de analizado o sinistro e ver como estes protocolos se adaptan á devandita situación.

## Protocolo Xeral de Actuacións

**ACTUACIONES DE EMERGENCIA CON CARÁCTER XERAL**

## Protocolos de actuación con carácter xeral para as situacións de emerxencia

En termos xerais, cando se produza un sinistro ou situación de emerxencia, débese seguir as seguintes instrucións:

1. Manter a calma e estendela aos demais, avisar mediante teléfono ou persoalmente a Dirección de Emerxencias do Centro. Será esta quen mande chamar aos Bombeiros, Policía ou Servizo de Ambulancias máis próximos.
2. Infundir a máis absoluta confianza e calma a todas cantas persoas teñamos arredor.
3. Impedir calquera situación de pánico.
4. Se por un corredor veñen dúas filas que teñen que incorporarse a unha escaleira, entón cada fila se incorporará na escaleira polo lado que viña polo corredor.  
É importante que, sen deter o avance das filas, estas vaian uníndose e vaian preto do lado do pasamáns
5. Se ten que saír por unha escaleira por onde xa baixan outras persoas. Procédese da seguinte forma:  
Deixe o lado interior (onde se atopa o pasamáns) para as persoas que xa baixan pola escaleira, Vde. incorpórese a escaleira, do lado que quede libre entre a parede e as persoas que baixan pola escaleira, polo lado chega a ela.
6. Non correr riscos inútiles.

En caso de emerxencia, non perda tempo:

1. Se sabe aplicar primeiros auxilios, aplicar eses coñecementos ao persoal afectado. Se non se sabe aplicar os primeiros auxilios, chamar a Emerxencias (teléfono 112).
2. Ao comparecer os Bombeiros, Ambulancias, Policía, seguir as súas instrucións.
3. Seguir estritamente as indicacións proporcionadas polos servizos de axuda solicitados.

## Protocolo de actuacións

**INCENDIO**

**Relación secuencial das actuacións para facer fronte as situacións de risco desta natureza.**

En caso de incendio:

1. Non actuar. Avisar á Dirección do Centro para que esta comunique o aviso a todos os ocupantes do edificio, segundo o protocolo indicado neste Plan de Autoprotección.
2. Valorando a importancia do incendio con realismo e valorando a dificultade de actuar cun equipo propio. En caso de non actuar chamar ao servizo de bombeiros máis próximo.
3. Soamente se o incendio é pequeno ou está moi localizado, procure apagalo cos medios ao seu alcance e, se é posible non o faga só. Afaste os obxectos que poidan propagar o lume (cortinas, mobles, papeis, etc...).

Valorar o tipo de lume: (A) Sólido, (B) Líquido (C) Gas, para actuar correctamente:

- Se dispón dun extintor de incendios (preferiblemente de auga ou po ABC), utilíceo. Se non dispón de extintor proceda conforme aos puntos seguintes.
  - Se arde un sólido que non é de gran tamaño, intente apagalo golpeándoo cunha vasoira mollada, tapándoo cunha manta.
  - Se é un produto líquido o que arde, sufocar con trapos mollados.  
Non utilizar auga para apagar un incendio se se poden alcanzar cables ou aparatos eléctricos que estean baixo tensión.
  - Se arde un escape de gas, cortar o paso coa chave. Nunca intentar apagar a chama directamente.
1. Se está próximo a unha instalación de gas, peche o antes posible a chave de paso. Se hai bombona de butano, afástea do foco o máximo posible.
  2. No caso de que ardan líquidos, tapar con mantas, NUNCA tirar auga que pode salpicar e propagar o incendio.
  3. Evitar as correntes de aire xa que osixenan as chamas e animan a combustión. Peche a porta do cuarto onde se produciu o lume, pero antes evacúe o cuarto. Se a porta está moi quente, non a abra. Pode achegar osíxeno e incrementar o incendio. Utilice auga para arrefriala e tape as posibles entradas de fume con trapos mollados. Se lle prende a roupa a unha persoa non facelo rodar polo chan e cubriilo cunha manta. Se dispón de auga, mollalo.
  4. Se o lume está dentro dun recipiente, tapalo co fin de sufocalo por extinción de achega de aire.
  5. En caso de quedar atrapado no interior do local, facerse ver pola ventá. Non propagar rumores ou informacións esaxeradas sobre a situación.

6. En caso de quedar atrapado no interior do local, facerse ver pola ventá.
7. Se ten que apagar o lume recorde que se vai utilizar auga, ANTES DEBE CORTAR O SUBMINISTRO ELÉCTRICO DA ZONA, EQUIPOS, etc. onde vai botar a auga.

En caso de evacuación:

1. Se o incendio se produciu nun piso superior, pode proceder á evacuación do edificio baixando os pisos pola escaleira, NUNCA POLO ASCENSOR, se houbese. Se existen persoas con discapacidade, deberán ser evacuadas sempre coa axuda dunha persoa ou de varias persoas. Estas persoas poden ser do grupo de evacuación ou, para axilizar a evacuación, por outras persoas que se atopen no lugar.
2. En casos nos que non sexa posible a evacuación, situarse no lugar máis baixo do edificio.
3. Se intenta saír primeiro tentee as portas co fin de evitar queimaduras cos pomos. Tóqueos cos cotenos dos dedos.
4. Non saia polas ventás nin intente descolgarse mediante sabas ou mantas.
5. Durante o percorrido da evacuación achéguese á parede para desaloxar o edificio.
6. Tápase a boca e nariz con trapos húmidos co fin de evitar a inhalación de fumes.
7. Se a vía de escape ten fume, agáchese e vaia a gatiñas polo percorrido.
8. En caso de prenderse a roupa, e está so e non pode taparse con unha manta nin sacarse a roupa, entón rode polo chan. Se está con outras persoas, estas deben impedir que rode e deberán tapalo con mantas para apagar as chamadas da roupa.
9. Recorde non retroceder no medio da evacuación para recoller obxectos persoais.
10. Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.
11. Dirixirse ó Punto de Encontro

**Protocolo de Actuacións**

**PASOS A SEGUIR PARA A EXTINCIÓN DO LUME**

**Protocolo de actuacións para a extinción de lumes**

1. Descolgar o extintor.

- Acceder rapidamente ao punto de situación dos extintores (que deberán estar sinalizados) e retirar o extintor.
- Comprobar antes que está indicado para o tipo de lume:

<b>Lumes Tipo A</b>	Materiais Sólidos (papel, cartón tela, etc...)
<b>Lumes Tipo B</b>	Materiais líquidos (Gasolinas, aceites, etc...)
<b>Lumes Tipo C</b>	Produtos gasosos (Butano, Propano, etc...)
<b>Lumes Tipo D</b>	Produtos metálicos (Aluminio, etc...)



2. Sen accionalo, dirixirse rapidamente ás proximidades do lume.



3. Preparar o extintor segundo as instrucións indicadas na etiqueta do propio extintor, que xeralmente son:

PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

- Retire a argola do precinto.
- Deixando o extintor no chan, colla coa man esquerda a pistola ou boquilla de descarga e a asa de transporte, simultaneamente, inclinándoo un pouco cara a adiante.
- Coa man dereita quite o precinto, tirando do pasador cara a fóra.
- Se o extintor é de presión exterior, prema o percusor do botello de gas.

4. Premer a panca de descarga para comprobar que funciona o extintor.

Dirixir o chorro do extintor á base do obxecto que arde ata a total extinción ou o esgotamento do contido do extintor.



- A distancia á que se debe disparar a un conato de incendio é duns 3 metros, cara á base do lume e non ás chamas.
- En caso De estar ao aire libre, debe colocarse a favor do vento.
- Se utiliza un extintor de Neve Carbónica, a distancia de achegamento ao conato de incendio será duns 2 m para logo avanzar cara ao lume.

**Proceso para poñer en disposición operativa o extintor:**

1. Tirar da caravilla.

- A caravilla do precinto de seguridade deberá ser retirada.
- En certos extintores hai que soltar unha trabe, oprimir unha panca de picada ou facer algunha medida inicial distinta.



2. Apuntar cara a abaixo.

- Apunte a boquilla do extintor (ou a súa trompa ou mangueira) á base do incendio.



3. Premer a panca.

- Isto descarga o axente extintor sobre o obxectivo previamente apuntado.



PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

4. Esparexer e encher a base das chamas de lado a lado.
  - Deberá apuntar o extintor á base do incendio e de atrás cara a adiante e de lado a lado encher a base das chamas ata que pareza estar extinguido.
  - Observe a área ou a zona do incendio. Se volven xurdir chamas, repita o proceso.



**Protocolo de actuacións****TERREMOTOS**

**Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco desta natureza.**

É importante recordar que toda Galicia se encontra nunha zona sísmica, polo que non debe descartarse este risco.

Cando comeza un terremoto:

1. Busque refuxio baixo un escritorio ou unha mesa. No caso de que a mesa se desprace co movemento, trate de moverse con ela.
2. As paredes internas e os marcos das portas, tamén serven de protección contra os obxectos que caen durante o terremoto. Se non hai protección no lugar onde se encontra, acuda a unha esquina interna ou unha porta afastada de ventás e cristais.
3. Apártese dos obxectos de vidro, lámpadas, ventás etc..., e en xeral de cousas que lle poidan caer enriba, tales como mobiliario, lámpadas, estantes, etc.
4. Non fuxir precipitadamente durante a sacudida cara á saída. Exponse ao perigo que presentan materiais e obxectos desprendidos (vidros, bloques, anacos de formigón, lámpadas, etc..).
5. Se as luces se apagan (o normal é que a subministración eléctrica se interrompa) utilice unha lanterna ou algún elemento que emita luz (por exemplo un teléfono móbil). A ser posibles que sexan aparatos antidefragantes.
6. Non use nunca velas nin mistos para iluminarse, por perigo a que puidese haber unha fuga de gas e producirse unha explosión.
7. Se queda atrapado, quédese dentro do edificio ata que vaian rescatalo, non intente saír, posto que nos intentos moita xente resulta ferida.
8. Se non está dentro do edificio, afástese del e dos cables de subministración eléctrica.

Unha vez pase o terremoto

Pódese declarar a situación de emerxencia, pero hai que ter en conta os seguintes puntos que poden condicionar a evacuación e a situación de xestión da emerxencia:

1. Inspeccione as caldeiras, as paredes con gretas, as portas e ventás do exterior e chemineas no caso de que as houbese.
2. Teña precaución ao abrir armarios e revisar os estantes, algúns obxectos puideron quedar en posición inestable.

3. Revisar a instalación de saneamento e as baixantes do edificio antes de abrir as chaves de paso da auga ou facer uso da auga. Recorde sempre que poden haber fugas e a auga potable chegar contaminada, polo que se recomenda que para beber só use auga envasada.
4. Non toque cables de enerxía eléctrica se están derrubados, avise as autoridades.
5. Manteña as liñas de teléfonos libres.
6. Afástese de zonas defectuosas ou derrubadas do edificio tales como fachadas, paredes, etc.
7. Non tratar de mover indebidamente os feridos con fracturas, a non ser que haxa perigo de incendio, inundación, explosión, etc.
8. Se se detecta risco de derrubamento, deberá evacuar canto antes o edificio.

**Recorde sempre que un Terremoto pode ir acompañado de réplicas, que en ocasións alcanzan igual magnitude.**

En caso de evacuación:

1. Saír do edificio cara o Punto de Encontro. Afastarse dos edificios que aínda permanezan en pé. Permanecer en calma e non caer presa do pánico.
2. escoitar atentamente as mensaxes e instrucións facilitadas por Bombeiros e Protección Civil.
3. NON UTILIZAR baixo ningunha circunstancia o ascensor. Se existen persoas con algunha minusvalía, deberán ser evacuadas sempre coa axuda de persoas pola escaleira.
4. Non fumar durante a evacuación.
5. Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.
6. Dirixirse a un lugar exterior seguro, illado e protexido da caída de obxectos.

O derrubamento do edificio co paso dos días, é unha posible consecuencia dos movementos sísmicos.

O edificio afectado na súa estrutura pode chegar a derrubarse total ou parcialmente, nun período de tempo limitado se se producisen circunstancias moi extremas.

En canto se produzan os primeiros síntomas de ruxido de paredes, fachadas, chans, teitos, etc. evacúe o edificio comunicándoo aos seus veciños e avise o antes posible as autoridades de Protección Civil e os Bombeiros.

**Protocolo de actuacións****NUBE TÓXICA, FUME, INFLAMABLE, etc****Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco desta natureza.**

En caso dun descarrilamento dun vehículo de mercadorías polas estradas ou vías férreas, preto do Centro, valorarase a carga por se fose volátil; tamén un lume preto dos almacéns de produtos químicos ou dos produtos da limpeza. Nestes casos realizarase a saída polas vías de evacuación que non estean na dirección do vento.

Se o risco se encontra dentro das instalacións do CIFP POLITECNICO DE SANTIAGO, a Dirección considerará facer a Evacuación do Centro. Pero se o risco ven do exterior a Dirección de Emerxencia poderá actuar como se indica a continuación.

En caso de exposición a unha nube tóxica ou o fume:

1. Evitar expoñerse ao aire exterior pechando portas, ventás e toda entrada de aire, en especial os sistemas de climatización e ventilación. Canto menor sexa a entrada de aire exterior, máis seguro será o confinamento.
2. Se percibe molestias ao respirar, utilizar un pano mollado para filtrar o aire.
3. Non fumar, acender velas ou lume en xeral. O aire pode conter produtos inflamables e xerar unha explosión.
4. Non saír nin abrir portas ou ventás ata o fin de alerta, aínda que aparentemente cesase a emerxencia.
5. Non confinarse en sotos, podería haber unha acumulación de gas tóxico ou inflamable.
6. Comer soamente comida enlatada e beber só auga embotellada.

Se se trata dunha nube inflamable:

1. Protexer os cristais cunha cruz de cinta illante e afastarse de ventás e cristaleiras.
2. Baixar persianas e correr as cortinas se as houbese.
3. Refuxiarse detrás de mesas tombadas ou mobles como barreira de protección fronte a explosións.

Recórdese que se a nube tóxica ou fume, etc., está no exterior do Centro, non se saírá do edificio.

En caso de evacuación:

1. Permanecer en calma e non caer presa do pánico.
2. escoitar atentamente as mensaxes e instrucións facilitadas por Protección Civil.
3. Non levar nada consigo que poida dificultar a evacuación.
4. Non fumar durante a evacuación.

**PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

5. Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Non pasar entre edificios xa que poden orixinarse túneles de aire. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.
6. Dirixirse a un lugar especificado por Protección Civil.

Despois da situación de emerxencia:

1. Ventilar todos os locais, unha vez finalizada a situación de emerxencia.
2. Consultar con Protección Civil acerca dos produtos alimenticios frescos que houbera na cociña (patacas, froita, verduras, etc.).
3. Consultar con Protección Civil a contaminación de utensilios de cociña expostos (Cazos, pratos, cubertos, etc..).
4. Consultar con Protección Civil a contaminación de tecidos, sabas, Cortinaxes, Alfombras, etc.

**Protección Civil, en función da natureza do axente tóxico dará información relativa ao tratamento a realizar nos produtos ou elementos expostos á nube tóxica, así como as revisións clínicas ou controis médicos a realizar as persoas expostas.**

**Protocolo de actuacións****ASFIXIA E/OU OBSTRUCCIÓN DAS VÍAS RESPIRATORIAS****Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco desta natureza.**En caso de asfixia por gas ou fume:

1. Situar a vítima nun lugar afastado do gas ou fume para respirar aire fresco.
2. Controlar as constantes vitais: pulso, respiración e temperatura.
3. Asegurar a permeabilidade das vías respiratorias, é dicir a entrada de aire polo nariz e/ou boca.
4. Se permanece inconsciente ou respirou substancias tóxicas, trasladar urxente a un centro asistencial.  
Avisar inmediatamente a unha ambulancia.
5. Reavaliar periodicamente e manter a calor corporal.
6. Colocar a vítima de lado, para facilitar a saída ao exterior de posibles vómitos.
7. Se non respira, realizar a respiración artificial cardiopulmonar.

En caso de obstrucción por un obxecto das vías respiratorias (atragoarse):

1. Intentar extraer cos dedos o obxecto estraño, só no caso de que se poida suxeitar con firmeza para tirar del. Se o manipula inadecuadamente, o obxecto pode encaixarse máis.
2. Colocar o paciente nunha mesa, boca abaixo, co torso colgando fóra da mesa e golpear nas costas entre as dúas omoplatas. Se o paciente é un neno pequeno pode collerse polos pés, cabeza abaixo, e golpear suavemente as costas.
3. Avisar inmediatamente un médico ou ambulancia, ou trasladar o paciente ao centro hospitalario máis próximo, se non pode eliminarse doadamente o corpo estraño.
4. Vixiar se durante o traslado da vítima adquire unha cor azulada, en cuxo caso será preciso que se lle practique a respiración artificial.

En caso de obstrucción das vías respiratorias por auga (afogamento):

1. Intentar reanimar a vítima cun procedemento de respiración artificial realizado por quen coñeza algunha das súas técnicas, no caso contrario:
  - Aplicar masaxe cardíaca, en caso de paro, nas mesmas condicións.
  - Continuar a reanimación ata deixar o accidentado en mans do médico.
  - Colocar a vítima de costado unha vez recuperada a respiración, por se se produce o vómito.
  - Non deixar que tome auga antes de restablecer a respiración.

**Protocolo de actuacións**

**EXPLOSIÓN****Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco desta natureza.**

Ante unha explosión producida dentro do edificio (sala da caldeira de calefacción, na cociña, etc.) ou no exterior (vapores procedentes do tanque de gasóleo, gas propano no tanque, etc. ):

1. Evacuar a zona indo para o Punto de Encontro.
2. Avisar a Emerxencias, ao teléfono 112.
3. Evitar fumar, acender velas, luces de gas e lume en xeral. O aire pode conter produtos inflamables e en consecuencia provocarse novas explosións.
4. Manterse no Punto de Encontro, xa que pode danarse a estrutura do edificio e haber unha derruba.
5. Ventilar todo o local, unha vez finalizada a situación de emerxencia.

En caso de evacuación do edificio:

1. Camiñar á présa pero sen correr e AVANZAR pegado á parede.
2. NON RETROCEDER en busca de obxectos persoais.
3. Non se dirixir ao aparcadoiro de vehículos.
4. Facelo a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr.
5. Non evacuar o edificio pasando preto do lugar onde se localizou a explosión.

## Protocolo de actuacións

**ACTOS ANTISOCIAIS CAUSADOS POR PERSOAS**

Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco desta natureza.

Para previr actos antisociais ou vandálicos e necesario unha axeitada prevención. Debe de procurarse:

1. Manter as portas que comunican co exterior do Centro sempre pechadas.
2. Todas as visitas o Centro deberían estar programadas, e debería rexeitarse aquelas que non o estiveran.
3. Non abrir as portas a persoas que non estean adecuadamente identificadas e sen coñecer o motivo da súa visita. Axudarse de vídeo-porteiro facilitaría este control.
4. Levar un rexistro de entradas e saídas de persoas ao Centro.
5. As visitas deben ter prohibido andar soas polas instalacións do Centro sen estar acompañadas por persoal do Centro. As visitas deberán estar informadas desta condición e das normas de evacuación do Centro. Ter unha sala de visitas axudaría a controlar e ter situadas as persoas que accedan o Centro.
6. Se fose posible, debería ser dispoñible o servizo de Garda de Seguridade, acreditado para esta actividade, conforme a normativa estatal, Lei 23/1992, de 30 de Xulio, e demais documentos legislativos que a modifican.

En caso de evacuación:

En caso de perigo, deberase actuar seguindo as seguintes condicións:

1. Afastarse das persoas que atenten contra o Centro. O afastarse, non utilizar, baixo ningunha circunstancia, o ascensor. Se existen persoas con minusvalía, deberán ser evacuadas sempre coa axuda de persoas polas escaleiras.
2. Ao afastarse, se se cruza con algunha persoa sospeitosa de delinquir, non mire directamente aos seus ollos.
3. Non fume durante a evacuación.
4. Camiñar á présa pero sen correr e AVANZAR pegado á parede.
5. NON RETROCEDER en busca de obxectos persoais.
6. Non se dirixir ao aparcadoiro de vehículos.
7. Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.

**Protocolo de actuacións****AMEAZA OU AVISO DE BOMBA**

**Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco desta natureza.**

En caso de recibir a ameaza de bomba:

1. Intentar prolongar a conversación ao recibir a ameaza, tratando de obter a máxima información posible sobre a situación da bomba, forma que ten, cando explotará, que cantidade de explosivo se colocou, que se pretende, etc... A este fin remitímoslle ao Protocolo de Toma de Datos, intentando solicitar tanta información se solicita no devandito protocolo, o cal pode cumprimentalo dende a propia aplicación.
2. Poñerse inmediatamente en contacto co 112 comunicando o aviso.
3. Non tocar nin mover ningún obxecto sospeitoso.
4. Comunicar a situación á veciñanza para que se evacúe o edificio o antes posible.

En caso de evacuación:

1. NON UTILIZAR baixo ningunha circunstancia o ascensor.
2. Non fume durante a evacuación.
3. Camiñar á présa pero sen correr e AVANZAR pegado á parede.
4. NON RETROCEDER en busca de obxectos persoais.
5. Non se dirixir ao aparcadoiro de vehículos.
6. Evacuar a través do percorrido máis seguro, con calma e serenidade. Nunca dar volta atrás no percorrido. Camiñar á présa pero sen correr. Non berrar.

**Protocolo de actuacións****ELECTROCUCIÓN****Relación secuencial de actuacións para facer fronte as situacións de risco desta natureza.**En caso de electrocución:

Unha actuación rápida e precisa permitirá salvar a vida do accidentado:

1. Se a vítima está en contacto cun condutor en tensión, é preciso separala inmediatamente, tendo en conta que a humidade fai esta operación perigosa.
2. Desconectar a corrente eléctrica antes de tocar á vítima. Acceder ao Cadro eléctrico de distribución e interrompela dende este.
3. Se non é posible o acceso, utilizar paus, cordas, etc. (calquera material illante que non estea húmido ou mollado) para separar o condutor eléctrico da vítima. Nunca tocar á vítima directamente.
4. Se a vítima perdeu o coñecemento, intentar reanimala.
5. Mentres tanto deberá solicitarse, de forma urxente, a presenza do equipo médico.
6. Se presenta unha parada respiratoria deberá ser atendida inmediatamente para practicarlle unha reanimación cardiopulmonar.

Se a vítima presenta queimaduras:

1. O importante sempre en primeiro lugar é reanimar a vítima, sen preocuparse pola queimadura.
2. Practicarlle a reanimación cardiopulmonar. Posteriormente tratar as queimaduras eléctricas de modo similar a calquera outro tipo de queimadura.
3. Hai que evitar, se a vítima está inconsciente, que se arrefría, cubríndoa con mantas, pero sen interromper en ningún momento a reanimación.

Despois da reanimación:

Toda persoa electrocutada, aínda que perdese o coñecemento por un curto espazo de tempo e, en xeral, toda persoa que sufrise un accidente eléctrico, debe ser visitada por un médico.

**Aínda que as lesións sexan mínimas, poden aparecer alteracións tardías (sistema renal, sistema nervioso, sistema auditivo, sistema pulmonar, etc...).**

## Protocolo de Actuacións

**REANIMACIÓN CARDIOPULMONAR (R.C.P.)****Protocolo de actuacións para a reanimación cardiopulmonar dos accidentados**

Os pasos expostos a continuación para realizar para a reanimación cardiopulmonar R.C.P, realízanse por orde, avanzando unha vez realizado o paso anterior ou en caso de que os diagnósticos sexan negativos.

**Se Vde. non é un profesional da medicina, actuando como socorrista e seguindo as indicacións que se detallan, pode salvar a vida dunha persoa.**

**1. Diagnóstico.**

Observe a vítima e intente estimulala táctil e auditivamente, tomándoa suavemente dos ombros e preguntándolle se se encontra ben.

**2. En caso de non contestar, xírala e poñela de lado.**

Para facilitar a saída ao exterior de posibles vómitos.



**3. Chamar os servizos médicos de urxencia ou no seu defecto ao 112.**

- Solicite a calquera persoa das que lle rodea que busque axuda médica.
- Vostede, permaneza atendendo a vítima.

**4. Coa cabeza en hiperextensión, realizar as seguintes funcións:**

- MIRAR a expansión do Tórax
- ESCOITAR a respiración
- SENTIR aire nas miñas meixelas

**5. Diagnóstico de Paro Cardiorrespiratorio.**

Tomar o pulso da vítima para determinar se ten paro cardiorrespiratorio.



## 6. Se vai facer a RCP

Pode facela de dúas formas:


- Mediante insuflacións acompañadas de compresións torácicas. Ou
- Só con compresións torácicas.

Realizar a manobra de reanimación ata que:

- A vítima se recupere, en cuxo caso deberase controlar que non recaea, ata que chegue axuda médica ou sexa trasladada a un hospital. Ou
- Chegue axuda médica.

### 6.1 Con insuflacións e compresións torácicas.

En caso de paro cardiorrespiratorio, deberá combinarse a insuflación de aire boca a boca con compresións torácicas externas. Que deberán repetirse e faranse a un ritmo de 30 compresións torácicas seguida de 2 insuflacións.



**Modo de facer as insuflacións boca a boca.**

- Pinzar o nariz, selar a boca do paciente coa boca do socorrista e insuflarlle aire.
- Entre as insuflacións, retirarse e despinzar o nariz para que saia o aire.

- Pinzar o nariz, selar a boca do paciente coa boca do socorrista e insuflarlle aire.
- Entre as insuflacións, retirarse e despinzar o nariz para que saia o aire.



#### **Forma de facer as compresións torácicas externas.**

As compresión torácicas, externas, deben dar lugar a unhas compresións no peito duns 5 cm. (no caso de rapaces pequenos, diminuírase dita lonxitude), e faranse a un ritmo de 100 compresións por minuto, aproximadamente.

#### **6.2 Só con compresións torácicas.**

Se esqueceu o ritmo entre insuflacións e compresións, pode optar por facer soamente as compresións. Pero, antes de comezar, chame o 112, logo empece coas compresións a un ritmo de 100 por minuto.

#### **Forma de facer as compresións torácicas externas.**

As compresión torácicas, externas, deben dar lugar a unhas compresións no peito duns 5 cm. (no caso de rapaces pequenos, diminuírase dita lonxitude), e faranse a un ritmo de 100 compresións por minuto, aproximadamente.

**ACTUACIÓN NOUTROS RISCOS****(Inundación, ventos fortes, etc.)**

Ante calquera outro risco non identificado nos epígrafes anteriores procederase do seguinte xeito:

**1. En caso de inundación:**

- a. As persoas presentes no Centro serán repartidas nas plantas superiores, evitando centralas todas nun punto, para non sobrecargar as estruturas do edificio. É importante coñecer a capacidade de carga de cada planta do edificio.
- b. En caso de inundación, antes de que a auga chegue dentro das instalacións, corte a enerxía eléctrica xeral. Se a auga chegou ao chan onde se atopa o cadro xeral, non corte a enerxía eléctrica neste cadro e fágao onde están os cadros das plantas, se existisen.

**2. No caso de ventos fortes:**

- a. Non saír do edificio.
- b. Chamar a Protección Civil para pedir información.
- c. Se ten que saír do edificio, solicite axuda externa.
- d. Se axuda externa non chega e é necesario saír do edificio entón procédase da seguinte forma:
  - i. Unha persoa, levando posto un casco de protección para a cabeza, sairá ao exterior e colocarse nun lugar fora da caída de arbores e tellas.
  - ii. Esta persoa analizará cal é o lugar para saír do edificio sen risco de caída de tellas ou calquera outro elemento (árbores, ramas, etc.) que leve o vento.
  - iii. Esta persoa, preferiblemente do grupo de evacuación, irá avisando a Dirección de Emerxencia ou a Xefatura de Evacuación, do momento en que é seguro saír.

**3. Noutros tipos de risco:**

- a. Chamar a Protección Civil (112) para solicitar información e para poñer en coñecemento a súa situación.
- b. Con Protección Civil, organice o rescate das persoas.

## **7. INTEGRACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN NOUTROS DE ÁMBITO SUPERIOR**

## 7.1 OS PROTOCOLOS DE NOTIFICACIÓN DA EMERXENCIA

O protocolo de notificación da emerxencia consta de tres fases:

- Descubremento da emerxencia e comunicación o posto de mando (Conserxería).
- Conserxería comunica a situación ao Equipo Directivo do Centro (Dirección, Subdirección, Xefatura de Estudos e Secretaría).
- A Dirección de Emerxencia comunica coa axuda exterior.

### Comunicación da situación de emerxenciaa o posto de mando

Calquera persoa que descubra unha situación de risco deberá avisar, mediante comunicación verbal (directa o mediante algún aparello técnico) a Conserxería. Indicará:

- Tipo de emerxencia.
- Lugar onde está a emerxencia

### Conserxería comunica a situación ao Equipo Directivo do Centro (Director, Subdirector, Secretario e Xefe de Estudos)

Recibida a comunicación da situación de emerxencia a persoa Conserxe informará o Director, Subdirector, Secretario e Xefe de Estudos da situación. A comunicación da alarma farase por telefonía interna o pedirase que se persoen na Conserxería.

### Solicitud de axuda exterior

Sólo se fará polo Xefe de Emerxencia o por indicación del en quen delegue. Farase chamando o teléfono de emerxencias nº 112.

A continuación indícanse os protocolos de notificación de emerxencia para solicitar a Axuda Externa. Aínda que se recomenda que para solicitar a devandita axuda se faga pola vía mais rápida chamando ao teléfono de Emerxencias 112. Non obstante, se a entidade chamada solicita a notificación por escrito, podese utilizar os formularios que se indican a continuación.

Los formularios que a continuación se indican, tamén poden considerarse como guías de información a ter en consideración en caso de xurdir unha emerxencia, para poder comunicala por teléfono cando se chame ao **teléfono de Emerxencias 112**.

**Contido de Notificación de alarma para Axuda Externa.  
Protocolo de notificación da emerxencia**

<b>Empresa:</b>	<b>CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO</b>
-----------------	-------------------------------------

<b>Domicilio:</b>	Avenida de Rosalía de Castro nº 133
<b>Municipio (Población):</b>	Santiago de Compostela
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

<b>Actividade desenvolvida na empresa:</b>	DOCENCIA
--	----------

<b>D.</b>	
<b>DNI</b>	

**Director do Plan de Autoprotección** (o no su defecto o equipo comunicacións) do Centro cuxos datos arriba reflíctense, NOTIFICA que a situación do siniestro:

	<b>Conato de Emerxencia</b>	<b>Emerxencia Parcial</b>	<b>Emerxencia Xeral</b>
<b>Tipo de siniestro</b>			

**Solicita a presenza de:**

<b>Emerxencias ou Protección Civil</b>	
<b>Bombeiros</b>	
<b>Asistencia sanitaria</b>	
<b>Policía Nacional / Garda Civil</b>	
<b>Policía Local</b>	

<b>A causa de:</b>	
<b>Víctimas (persoas afectadas o en perigo):</b>	
<b>Circunstancias que poden afectar a evolución do suceso:</b>	
<b>As medidas de emerxencia interior adoptadas e previstas foron:</b>	
<b>As medidas de apoio exterior necesarias para o control do accidente e de atención dos afectados son:</b>	
<b>Observacións:</b>	

<b>Persoa de contacto:</b>	
<b>Punto de encontro e recepción dos servizos de emerxencia:</b>	
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

**Contido da Notificación de alarma para Axuda Externa.  
Protocolo de notificación de Atentado Terrorista**

**CENTRO:** CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

<b>Domicilio:</b>	Avenida de Rosalía de Castro nº 133
<b>Municipio (Población):</b>	Santiago de Compostela
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

<b>Actividade desenvolvida no Centro:</b>	DOCENCIA
---	----------

<b>D.</b>	
<b>DNI</b>	

**Director do Plan de Autoprotección** (o no seu defecto o equipo comunicacións) do Centro cuxos datos arriba refíctense, NOTIFICA un atentado Terrorista, cuxa estimación inicial e:

	Conato de Emerxencia	Emerxencia Parcial	Emerxencia General
<b>Estimación inicial</b>			

**Solicita a presenza de:**

Emerxencias ou Protección Civil	X
Bombeiros	X
Asistencia sanitaria	X
Policía Nacional / Garda Civil	X
Policía Local	X

<b>O atentado terrorista afectou os seguintes servicios ou actividades:</b>	
<b>Vítimas (persoas afectadas ou en perigo):</b>	
<b>Circunstancias que poden afectar a evolución do suceso:</b>	
<b>As medidas de emerxencia adoptadas e previstas foron:</b>	
<b>As magnitudes do incidente fai pensar que as medidas de apoio exterior necesarias para o control do siniestro e a atención dos afectados son:</b>	
<b>Observacións:</b>	

<b>Persoa de contacto:</b>	
<b>Punto de encontro e recepción dos servicios de emerxencia:</b>	
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

**Contido da Notificación da alarma para Axuda Externa.  
Protocolo de notificación de Atraco e/ou Secuestro de persoas.**

**Empresa:** CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

<b>Domicilio:</b>	Avenida de Rosalía de Castro nº 133
<b>Municipio (Población):</b>	Santiago de Compostela
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

**Actividade desenvolvida no CENTRO:** DOCENCIA

<b>D.</b>	
<b>DNI</b>	

**Director do Plan de Autoprotección** (o no seu defecto o equipo comunicacións) do Centro cuxos datos arriba reflíctense, NOTIFICA que a situación de un Atraco ou Secuestro

<b>Data</b>	
<b>Hora</b>	
<b>Duración</b>	
<b>Voz Masculina/Femenina/Infantil do delinciente</b>	
<b>Nº de delincuentes que interviñeron</b>	

<b>Reproducción aproximada dos feitos:</b>	
--	--

**Voz do Asaltante ou Asaltantes:**

<b>Tranquila</b>	
<b>Excitada</b>	
<b>Enfadada</b>	
<b>Tatexa</b>	
<b>Normal</b>	
<b>Xocosa</b>	
<b>Forte</b>	

<b>Suave</b>	
<b>Murmurante</b>	
<b>Clara</b>	
<b>Gangosa</b>	
<b>Nasal</b>	
<b>Con acento extranxeiro</b>	
<b>Con acento nacional</b>	

Se a voz do delinciente resúltalle familiar diga que lle recorda ou a quen se parece:	
Observacións:	

Lenguaxe das ameazas:

Correcto	
Vulgar	
Incoherente	
Mensaxe lida	
Outros	

Datos da persoa secuestrada:	
Punto de encontro e recepción da Policía:	
Teléfono de contacto:	881 867601

**Contido da Notificación de alarma para Axuda Externa.  
Protocolo de notificación de aviso de Bomba.**

<b>CENTRO:</b>	<b>CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO</b>
----------------	-------------------------------------

<b>Domicilio:</b>	Avenida de Rosalía de Castro nº 133
<b>Municipio (Población):</b>	Santiago de Compostela
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

<b>Actividade desenvolvida no Centro:</b>	DOCENCIA
---	----------

D.	
DNI	

**Director do Plan de Autoprotección** (o no seu defecto o equipo comunicacións) do Centro cuxos datos arriba reflíctense, NOTIFICA un aviso de bomba:

<b>Data</b>	
<b>Hora</b>	
<b>Duración</b>	
<b>Voz Masculina/Femenina/Infantil</b>	

Se é posible, facer as seguintes preguntas:

<b>Cándo estalará a bomba?</b>	
<b>Onde se encontra colocada?</b>	
<b>Qué aspecto ten a bomba?</b>	
<b>A qué dara orixe a explosión?</b>	
<b>Colocou Vd mesmo a bomba?</b>	
<b>Por qué, qué pretende?</b>	
<b>Pertence a algún grupo terrorista?</b>	

<b>Texto exacto da ameaza:</b>	
--------------------------------	--

**Voz do comunicante:**

Tranquila	
Excitada	
Enfadada	
Tatexa	
Normal	
Xocosa	
Fuerte	

Suave	
Murmurante	
Clara	
Gangosa	
Nasal	
Con acento extranxeiro	
Con acento nacional	

Se a voz do delincuenta resúltalle familiar diga que lle recorda ou a quen se parece:	
Observacións:	

Son de fondo:

Ruidos da rua	
Maquinaria	
Música	
Cafetaría	
Oficina	
Animais	
Cabina telefónica	
Conferencia	

Lenguaxe da ameaza:

Correcto	
Vulgar	
Incoherente	
Mensaxe lido	
Mensaxe grabado	

Datos do Receptor da ameaza:	
Punto de encontro e recepción da Policía:	
Teléfono de contacto:	881 867601

**Contido da Notificación de la alarma para Axuda Externa.  
Protocolo de notificación de aviso de comportamentos antisociais.**

**CENTRO:** CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

**Domicilio:** Avenida de Rosalía de Castro nº 133

**Municipio (Población):** Santiago de Compostela

**Teléfono de contacto:** 881 867601

**Actividade desenvolvida no Centro:** DOCENCIA

**D.**

**DNI**

**Director do Plan de Autoprotección** (o no seu defecto o equipo comunicacións) do Centro cuxos datos arriba reflíctense, NOTIFICA a seguinte situación crítica:

**Descrición dos feitos:**

**Hora:**

**Polo que solicita a presenza de:**

<b>Emerxencias ou Protección Civil</b>	
<b>Bombeiros</b>	
<b>Asistencia sanitaria</b>	<b>X</b>
<b>Policía Nacional / Garda Civil</b>	<b>X</b>
<b>Policía Local</b>	

<b>A situación provocada foi a causa de:</b>	
<b>Vítimas (persoas afectadas ou en perigo):</b>	
<b>Circunstancias que pueden afectar a evolución dos feitos:</b>	
<b>As medidas de emerxencia interior adoptadas e previstas foron:</b>	

<b>Persoa de contacto:</b>	
<b>Punto de encontro e recepción dos servizos de emerxencia:</b>	
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

**Contido de Notificación de la alarma para Axuda Externa.  
Protocolo de notificación de emerxencia como consecuencia dun escape  
de produtos Químicos, Tóxicos e/ou Contaminantes.**

<b>Empresa:</b>	<b>CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO</b>
-----------------	-------------------------------------

<b>Domicilio:</b>	Avenida de Rosalía de Castro nº 133
<b>Municipio (Población):</b>	Santiago de Compostela
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

<b>Actividade desenvolvida no Centro:</b>	DOCENCIA
---	----------

<b>D.</b>	
<b>DNI</b>	

**Director do Plan de Autoprotección** (o no seu defecto o equipo comunicacións) da empresa cuyos datos arriba reflicten, NOTIFICA que a situación da explosión cuxo sinistro está clasificado como:

	<b>Conato de Emerxencia</b>	<b>Emerxencia Parcial</b>	<b>Emerxencia General</b>
<b>Clasificación do escape producido</b>			

**Polo que solicita la presenza de:**

<b>Emerxencias de Protección Civil</b>	<b>X</b>
<b>Bombeiros</b>	<b>X</b>
<b>Asistencia sanitaria</b>	<b>X</b>
<b>Policía Nacional / Garda Civil</b>	<b>X</b>
<b>Policía Local</b>	<b>X</b>

Produto Químico, Tóxico ou contaminante, escapado ou derramado:

<b>Compoñente ou Compoñentes:</b>	
<b>Cantidade aproximada do compoñente: (Kilos/m<sup>3</sup>/Litros )</b>	

O escape de produtos foi debido a:	
Vítimas (persoas afectadas o en perigo):	
Circunstancias que poden afectar a evolución do suceso:	
As medidas de emerxencia interior adoptadas e previstas foron:	
As medidas de apoio exterior necesarias para o control da explosión e a atención dos afectados son:	

Persoa de contacto:	
Punto de encontro e recepción dos servicios de emerxencia:	
Teléfono de contacto:	881 867601

**Contido da Notificación de alarma para Axuda Externa.  
Protocolo de notificación de emerxencia causada por una explosión  
(sen atentado)**

**CENTRO:** CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

**Domicilio:** Avenida de Rosalía de Castro nº 133

**Municipio (Población):** Santiago de Compostela

**Teléfono de contacto:** 881 867601

**Actividade desenvolvida no Centro:** DOCENCIA

**D.**

**DNI**

**Director do Plan de Autoprotección** (o no seu defecto o equipo comunicacións) do Centro cuxos datos arriba reflíctense, NOTIFICA que ocorreu unha explosión que xerou un siniestro clasificado como:

	Conato de Emerxencia	Emerxencia Parcial	Emerxencia General
<b>Tipo de sinistro</b>			

**Polo que solicita a presenza de:**

<b>Emerxencias ou Protección Civil</b>	
<b>Bombeiros</b>	X
<b>Asistencia sanitaria</b>	X
<b>Policía Nacional / Garda Civil</b>	X
<b>Policía Local</b>	

<b>A explosión foi debida a:</b>	
<b>Vítimas (persoas afectadas ou en perigo):</b>	
<b>Circunstancias que poden afectar a evolución do suceso:</b>	
<b>As medidas de emerxencia interior adoptadas e previstas foron:</b>	
<b>As medidas de apoio exterior necesarias para o control da explosión e atención dos afectados son:</b>	

<b>Persoa de contacto:</b>	
<b>Punto de encontro e recepción dos servicios de emerxencia:</b>	
<b>Teléfono de contacto:</b>	881 867601

**Contido da Notificación de alarma para Axuda Externa.  
Protocolo de notificación de emerxencia en caso de Incendio**

**CENTRO:** CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

<b>Domicilio:</b>	Avenida de Rosalía de Castro nº 133
<b>Municipio (Población):</b>	Santiago de Compostela
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

**Actividade desenvolvida no Centro:** DOCENCIA

<b>D.</b>	
<b>DNI</b>	

**Director do Plan de Autoprotección** (o no seu defecto o equipo comunicacións) do Centro cuxos datos arriba reflíctense, NOTIFICA a existencia dun incendio e **solicita la intervención de:**

Emerxencias ou Protección Civil	
<b>Bombeiros</b>	<b>X</b>
<b>Asistencia sanitaria</b>	
<b>Policía Nacional / Garda Civil</b>	
<b>Policía Local</b>	

<b>O lume foi debido a:</b>	
<b>Vítimas (persoas afectadas ou en perigo):</b>	
<b>Circunstancias que poden afectar a evolución do suceso:</b>	
<b>As medidas de emerxencia interior adoptadas e previstas foron:</b>	

<b>Persoaa de contacto:</b>	
<b>Punto de encontro e recepción dos servicios de emerxencia:</b>	
<b>Teléfono de contacto:</b>	<b>881 867601</b>

## 7.2 A COORDINACIÓN ENTRE A DIRECCIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN E A DIRECCIÓN DO PLAN DE PROTECCIÓN CIVIL ONDE SE INTEGRE O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.

O presente Plan de Autoprotección encóntrase dentro do Plan de Emerxencia Municipal da cidade de Santiago de Compostela. Por iso, sempre que se actualice este Plan de Autoprotección, a Dirección do Centro debe de enviar unha copia do devandito Plan á Dirección de Protección Civil de Santiago de Compostela.

## 7.3 AS FORMAS DE COLABORACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE AUTOPROTECCIÓN COS PLANS E AS ACTUACIÓNS DO SISTEMA PÚBLICO DE PROTECCIÓN CIVIL.

Cando sexa preciso solicitar axuda exterior, farase chamando a emerxencias, ao teléfono 112, para solicitar bombeiros, a presenza de Protección Civil, Axuda Sanitaria. Para elo levaranse a cabo os pasos que se indican a continuación. Débese recordar que no momento de chegar a axuda, **Todas as xefaturas do presente Plan de Autoprotección quedarán baixo o mando da persoa de maior rango que se incorporase coa axuda solicitada.**

1. A recepción da axuda externa realizarase en función do tipo de servizo requirido: Policía, Bombeiros ou Ambulancia.
2. Na chamada telefónica requirindo a axuda exterior, terase especificado a axuda necesaria e o número de persoas que requiren de axuda.

Unha persoa (o Director do Plan de Autoprotección ou persoa do Grupo de Comunicacións), ha de ir a esperar ou recibir ao servizo de emerxencia requirido, no lugar especificado por teléfono, e cunha copia do Plan de Autoprotección do Centro, tamén para guiar aos servizos exteriores de emerxencia ao lugar apropiado, e que cheguen o mais cedo posible para facerse cargo da situación.

3. Se o incidente é pola noite, acender, se fose posible, todas as luces do Centro, tanto interiores como exteriores.
4. Se a situación se complica e os equipos exteriores de axuda non localizan correctamente a posición do incidente, chamarase ao servizo de urxencias de novo, indicando neste caso as coordenadas da empresa, que figuran no epígrafe 1.1 deste Plan de Autoprotección.

Se a evacuación de accidentados ou auxilio da axuda exterior se vai realizar por helicóptero, deberá despexarse unha zona suficientemente ampla para que poida aterrar.

5. Neste caso e se é preciso, solicitar o espazo libre necesario de seguridade para poder despexalo con anterioridade á chegada da axuda. Se xa non se require o servizo de urxencias e non chegou, chame de novo e informe que xa non é necesario.

## **8. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN**

## 8.1 IDENTIFICACIÓN DO RESPONSABLE DA IMPLANTACIÓN DO PLAN

A persoa que ocupe a Dirección do Centro é a persoa responsable da implantación deste Plan de Autoprotección. Para unha adecuada implantación é necesario que Plan de Autoprotección sexa coñecido por todo o persoal do Centro e polo seu alumnado.

## 8.2 PROGRAMA DE FORMACIÓN E CAPACITACIÓN PARA O PERSOAL CON PARTICIPACIÓN ACTIVA NO PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

As persoas que forman parte dos equipos de emerxencia descritos no presente plan deben de recibir unha formación conforme a súa participación no mencionado Plan. Así:

- As persoas do Grupo de Intervención deben de recibir formación (teórica e práctica) sobre a actuación en caso de incendios, verteduras e risco químico. A formación incluirá:
  - Nocións teóricas sobre a xénese do risco.
  - Modo de actuación para o control do risco.
  - Teoría e práctica sobre o uso dos medios de loita contra a emerxencia.

A formación das persoas que forman parte deste grupo fará especial fincapé na formación práctica con situacións que se aproximen o mais posible á realidade: lumes, derramos, etc.

- As persoas que forman parte do Grupo de Evacuación deben de recibir formación relativa a:
  - As vías de evacuación do centro.
  - Actuación durante o proceso de evacuación.
  - Actuación no Punto de Encontro.
  - Primeiros auxilios.
- A persoa que ostente a Dirección de Emerxencia debe recibir a mesma formación que as persoas dos grupos e, tamén, formación sobre a xestión das emerxencias.

## 8.3 PROGRAMAS DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN A TODO O PERSOAL SOBRE O PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

I. Anualmente, realizarase, polo menos, un simulacro onde participen todas as persoas que normalmente están no Centro (alumnado, profesorado e persoal non docente). Previamente á realización do simulacro realizaranse as seguintes actividades para a súa preparación:

1) A Dirección de Emerxencia e dos grupos deseñarán o simulacro, buscando a participación activa do maior número de persoas no simulacro. Proponse varias actividades:

- 1) Evacuación do centro.

- 2) Evacuación cando se simula un incendio no fondo dunha das escaleiras.
  - 3) Actuación ante un incendio provocado por un camión cisterna na porta do Centro.
  - 4) Evacuación do Centro con rescate dun grupo de feridos ou persoas que quedaron dentro das súas aulas.
  - 5) Etc.
- 2) Darase formación e informarase a todos os participantes, especialmente aos alumnos, de cal é o papel que xogan en caso dunha situación de emerxencia. Indicarase a relevancia dos simulacros e informaráselles de cal vai ser a súa actuación durante a realización deste.
- 3) Recordarase a todos os participantes das vías de evacuación e do punto de encontro.
- 4) Para non xerar pánico entre os veciños do Centro, ao facer soar a alarma, comunicarase aos veciños do Centro a existencia do simulacro.
- II. Cunha periodicidade, polo menos anual, farase soar a alarma de emerxencia. O motivo desta actividade é dobre: Saber que sempre está operativa e que todas as persoas presentes no Centro poidan identificar a devandita alarma.
- Esta proba debe de facerse:
- a. Cando o alumnado estea dentro das aulas.
  - b. Avisando da activación da alarma todo o persoal docente e administrativo do centro. Estes avisarán os alumnos, para que non realicen a evacuación.
  - c. A activación da alarma farase durante 15 segundos, polo menos.
- III. Como actividade formativa sobre o uso dos equipos de extinción de incendios (extintores, BIE, etc.) recoméndase que durante as revisións legais periódicas destes equipos sexan acompañados polas persoas que forman parte do equipo de intervención, e aqueles equipos que se deban de renovar sexan utilizados (se non hai risco) para facer unha práctica este persoal.

#### 8.4 PROGRAMA DE INFORMACIÓN XERAL PARA OS USUARIOS

Os membros dos equipos do presente plan han de dispoñer no seu posto de traballo dun documento indicando cales son as súas funcións e do seu equipo e as actividades que desenvolverán en cada situación de emerxencia.

En cada aula ou repartidas polo centro, deberá de existir un plano onde se sitúe a situación actual e cara a onde debe de dirixirse en caso dunha emerxencia. Isto ha de ir acompañado, nun lateral dentro do plano, de instrucións xerais de evacuación.

Recoméndase que na entrada do edificio, e co obxecto de que poida leelo calquera persoa que acceda a el, se dispoña das pautas que deben de seguir as persoas que acceden ao Centro e se manifesta unha situación de emerxencia mentres estén nel.

## 8.5 SINALIZACIÓN E NORMAS PARA OS VISITANTES

Os visitantes que estean no Centro, no momento que teña lugar unha situación de lugar a unha emerxencia, deben de actuar de dúas formas posibles:

- 1) Ou evacuar dirixíndose á saída do Centro, logo de notificalo á persoa que realice as funcións de Conserxe do Centro.
- 2) Ou dirixirse ao Punto de Encontro se o elemento causante da emerxencia encontrase no Centro. Neste lugar, a súa presenza debe de ser controlada polo Conserxe do Centro.

A notificación desta actuación ha de realizarse na zona de control de acceso de persoas ao centro. O control de acceso de persoas ao centro é imperativo xa que en caso dunha emerxencia é necesario saber cantas destas persoas están no Centro. O control recoméndase levarse a cabo da seguinte forma:

- a. Levarase un rexistro co nome e apelidos das persoas que acceden ao Centro, coa hora de chegada e saída, e a persoa á que veñen a visitar.
- b. Entregaráselles, no momento de rexistrar a súa entrada, un documento, en soporte papel, cunha notificación de recibo nunha copia, onde se lle indica as dúas opcións a realizar en caso dunha emerxencia, antes indicadas. No devandito documento, ademais, desta información debe de figurar un plano coa situación do Punto de Encontro e as saídas primarias de evacuación

## 8.6 PROGRAMA DE DOTACIÓN E ADECUACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E RECURSOS.

Co obxecto de facer máis operativo o presente Plan de Autoprotección e co obxecto de axilizar as tarefas de evacuación, é necesario dotar o CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA de elementos que permitan facilitar a evacuación, sempre tomando como referencia a normativa legal (Codigo Técnico de Edificación, Real Decreto 486/1997, Real Decreto 513/2017, do 22 de maio) e as boas prácticas de seguridade, dos seguintes elementos:

- Tres padiolas para o transporte de feridos: Unha na zona de talleres, outra preto da zona de laboratorios e outra onde se sitúen os elementos de emerxencia.
- Habilitar como portas de emerxencia, con barras de apertura de xeito que abran hacia o exterior nos lugares donde falten. Separar o corredor do andar onde se atopan os laboratorios con unha porta corta-lume que se abra cara a escaleira. Esta porta debe ser dunha resistencia o lume superior a RF-90
- Colocar pasamáns nas escaleiras que comunican os talleres coas aulas do primeiro andar.

- Instalar Bocas de Incendios Equipadas (BIE) nas zonas próximas as aulas de carpintería e de motor.
- Instalar hidrantes de columna seca no exterior de edificio, recoméndase que, a lo menos, unha esté preto do edificio do Pavillón e, tamén, outra preto das aulas de carpintería e dos talleres de automóviles e pintura.
- Sinalizar zona de aparcadoiro de coches e o lugar de paso de coches para deixar espacio e facilitar o acceso de vehículos de bombeiros
- Dotar os equipos de Intervención de traxes de aproximación ao lume.
- Colocar, polo menos, dous extintores en cada taller: un preto da porta de saída e outro no punto máis alejado de porta, dentro da aula. O extintor deberá ser conforme o tipo de lume predominante no aula.
- En cada entrada do edificio principal debería haber unha BIE. Recoméndase que éstas e as que xa están colocadas sexan de 25 mm de diámetro.
- Eliminar as fiestras do taller de mobles que dan ao corredor de acceso aos talleres, xa que en caso dun lume no taller de mobles ese corredor queda inhabilitado como saída de emerxencia.
- A porta do corredor do primeiro andar, onde están os laboratorios, cambiala por unha porta RF-90, ou superior, con barras de apertura e elementos empurradores para o seu peche, e que poida abrirse cara o lado das escaleiras.
- Habilitar saída de escaleira de incendios, polo exterior, nos pisos 1º de laboratorio e o piso 2º que está enriba dos laboratorios. Unha zona axeitada sería no fondo do corredor. Pendente máxima 6%.
- Nas aulas e nos corredores das aulas deberían habilitarse portas de saída ao exterior que leven a ramplas de emerxencia. Ancho maior de 150 cm. e se ese corredor serve de evacuación para dous pisos, no momento onde se xuntan. A pasarela terá unha varanda cunha altura mínima de 90 cm. Pendente máxima 6%.
- Colocarase sistema de iluminación eléctrica antideflagrante nos talleres de mobles, de pintura, e nos almacéns de talleres onde se gardan produtos químicos inflamables.
- As portas principais, de saída do edificio principal, deben de estar sempre operativas.
- Sustituir a escaleira de saída da cafetería hacio o exterior por unha rampla.
- Conforme o Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, a parede que separa o sector de lume onde se atopan os talleres do resto do edificio de Centro debe ser de resistencia o lume mínima RF-90. E poñer unha porta no corredor para separar os dous sectores co mesmo nivel de resistencia o lume. O cableado eléctrico que vai dun sector o outro impregnarse con pintura intumescentes, e as cavidades entre as paredes deberán levar resinas intumescentes.
- A parede, e os seus elementos, que separan o edificio do Centro que lindan coas vivendas limítrofes que hai na rúa, deben ter unha resistencia o lume RF-90.

- Conforme o epígrafe 4.5, deberíase de separar, con portas de resistencia ao lume (RF-90) os sectores de risco que hai dentro do edificio principal.
- O teito e paredes das aulas que están a limitar talleres deben ter unha resistencia ao lume RF-90.
- Establecer tres puntos de encontro: un preto dos talleres, outro entre o pavillon e a cafetaria e outro preto da entrada principal ao edificio de aulas.
